

Os servizos do operador R comencen a funcionar este verán en Melide

O Conselleiro Delegado da firma de telecomunicacións galega visitou o Concello para explicar con detalles o porqué se están a realizar as obras na vila e os servizos que ofrecerán aos veciños o operador R. A instalación das súas infraestructuras estánse a acometer en preto de dez rúas do centro do municipio, nunha primeira fase do proxecto, e os seus servizos chegarán aos veciños destes viais no verán.

Cando se remate a segunda etapa, que abrangará o resto de rúas do casco urbán, preto de 3.500 fogares poderán gozar dos servizos deste operador. A través da súa rede de fibra óptica os melidenses poderán posuír nas súas casas internet de alta velocidade, telefonía ou máis de cen canles de TV dixitais. R, cón apoio da Consellería de Industria, tenta con esta iniciativa achegar as novas tecnoloxías á tódolos habitantes de Melide.

P5

MELIDE

Os locais de ocio comencen a adoptar medidas para atallar os rúidos . Logo dunha xuntanza cón Concello os pubs e discotecas adoptan medidas para procurar unha convivencia hármonica cón veciños residentes na zona **P 3**

COMARCAS

O delgado de vivenda visita Toques. Acompañado pola directora xeral de Fomento e calidade, Encarna Otero, comprobaron *in situ* o patio do colexio vello que se adecuará nunha praza pública para o lecer dos os veciños. **P8**

EMPRESA E COMERCIO

ASETEM-CCA asina un acordo con consultoría Isojava para a implantación das normas ISO Mediante este convenio as empresas asociadas do colectivo obterán numerosas vantaxes en outros eidos como o mercado CE, xestións de seguridade alimentaris ou de prevención de riscos laborais **P12**

DEPORTES

O CIRE xa é un equipo de 2ª autonómica O equipo de fútbol rematou a liga como líder na súa táboa acadando o ascenso nun encontro no que afoive de goles non csou por parte dos azuis. O campo municipal ateigouse de centos de afeccionados que tralo partido convertiron a vila nunha gran festa para celebrar esta fazaña do deporte local **P19**



IV festa da Foliada en Melide

Por cuarto ano consecutivo o municipio acolleu a gran festa adicada a gaita. Esta nova edición da Foliada caracterizouse por un programa cheo de actividades, onde non soamente salientaba este instrumento tan tradicional na cultura galega, senón que tamén houbo oco para

outros ámbitos tradicionais de Galicia. Así os asistentes ao evento poideron coñecer obradoiros adicados a diferentes eidos da artesanía, desfrutar coas actuacións de cantantes autóctonos e, coma non, pasar unha xornada de lecer acompañados polos sons gaiteiros

P10

Editorial

Parabéns ao fútbol da comarca

Rematou a liga de fútbol da tempada 2007/08 e non puido facelo de xeito mellor para a gran maioría dos equipos da nosa comarca.

Dende este recuncho ASETEM-CCA quere dar os seus parabéns a todos aqueles xogadores da Terra de Melide que durante a competición deixaronse os folgos nos campos de fútbol para levar o deporte da nosa comarca ao máis alto nivel posíbel.

Por suposto, tampouco podemos esquecer os adestradores, unha baza moi importante para que o mundo do balón poida lograr os seus triunfos. A eles tamén lles damos a nosa enhoraboa, non só polos seus méritos como profesionais, senón por facer que a mocidade medre sá e con ilusión ao xogar a este deporte.

Nós como empresarios melidenses, que desexamos o éxito e o bo desenvolvemento en calquera ámbito que abrangue a nosa terra, sintimos ledicia porque o CIRE ascenderá a outra categoría logo do esforzo compintitivo que amosaron ao longo de toda a competición. Somos conscientes de que chegar ao



máis alto nunha táboa de clasificación supón todo un logro e ademais representa a recompensa a todo un traballo e sacrificio durante varios meses.

Dende ASETEM-CCA tamén lle rendimos tributo ao Atlético de Melide que, sendo a súa primeira tempada de novo no fútbol, amosou que voltou pisando forte en todas as súas categorías. Especial mención facemos ao colectivo feminino deste club que co seu bo xogo deixou claro que este non é un deporte só para homes.

Non soamente o éxito futbolístico chegou á capital da

comarca o Toques tamén pechou a liga con moi bos resultados. O cuarto posto do que foi mercedor na clasificación faínos pensar que este equipo pode chegar lonxe a vindeira tempada como o acadou o CIRE.

ASETEM-CCA congratúlase de esta boa racha no fútbol comarcal xa que amosa que o espírito de competitividade, o esforzo e o bo traballo sempre leva a bo porto. Tres elementos que a nosa asociación valora moito e cos que nos tamén traballamos, día a día, para que Melide medre e se converta en todo un referente fóra das nosas fonteiras.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Ángeles Buján Ramos

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, Daniel Roibás, David Barrio Sexto

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Tribuna de opinión

Un paso máis

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Na nosa loita continúa polo bon desenvolvemento do tecido empresarial na nosa comarca, neste mes de abril dímos un novo paso para mellorar o presente e o futuro do noso colectivo. Mediante a sinatura dun acordo marco de colaboración, cos firma galega Isojava Consultores, vánse beneficiar os nosos asociados na implantación das normas ISO ou no mercado CE, obrigatorios para todas as empresas que queiran distribuír os seus produtos legalmente. Ademais grazas a este convenio os nosos socios contarán cun asesoramento en temas de seguridade alimentaria, prevención de riscos e outros servizos que ofrece Isojava, que vén avaliada dun gran recoñecemento e prestixio no eido empresarial.

Eu como presidente de ASETEM-CCA sintome satisfeito por chegar a colaborar con esta firma galega e que os nosos socios desfruten das coantías vantaxes que nos vai reportar a sinatura deste acordo. Creo que a legalidade representa a seriedade e compromiso de todo colectivo cara a benestar dos seus veciños. Con esta iniciativa as nosas empresas saen dobremente beneficiadas: por un lado, cara o seu funcionamento interno poidendo prever riscos laborais dos seus asalariados e, por outra banda, os seus clientes poderán ter a seguridade de que os seus produtos son de primeira calidade.



CENTRAL:

Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA

Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA

Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña

Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO

Ctra. Nacional VI, km. 555

Aranga - A Coruña

Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE

Pol. Industrial Madanela, porc. 30
Melide - A Coruña

Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

A reunión cós empresarios do sector tiña como fin atallar os ruídos e os horarios O Concello pide as discotecas e os pubs a necesidade de ter un porteiro

É a primeira vez que o Concello toma a iniciativa de xuntarse cós pubs para procurar unha convivencia hármonica cós residentes na zona da movida



zona onde se amorrean máis pubs por metro cadrado

A movida de Melide conta con porteiros dende hai pouco nos Pubs e discotecas. Días antes o Concello mandoulles un escrito a todos estes locais do ocio nocturno comunicándolles esta decisión. Estes porteiros cumpriran unha dobre función, por unha banda impedir que a xente saía dos lugares con vasos de cristal á rúa e, por outra parte, garantir que en todo momento as portas permanezan pechadas coa finalidade de diminuír o ruído no exterior. Os empresarios do sector tamén avanzaron a súa intención de contratar un servizo de vixilancia privada para impor mais orde e seguridade nas zonas onde se ubican os seus negocios. Esta iniciativa

resposta a paliar as irregularidades que provocan, os fins de semana, os numerosos vehículos que incumpren as normas viais e fan condución temerarias poidendo poñer en perigo a integridade física dos clientes destes locais de ocio.

Xuntanza có Concello

Todas estas medidas foron adoptadas nunha xuntanza na que o Concello convocou, por primeira vez, aos representantes dos pubs e discotecas có fin de abordar a problemática xerada polo incumprimento da normativa sobre os ruídos e os desfases nos horarios. A

reunión partiu a raíz das numerosas queixas que a cotío estaban a recibir na Casa consistorial por parte dos veciños residentes na zona onde se ubica a movida melidense. O tema do ruído xa se solucionou coa súa baixada de niveis grazas aos porteiros que pechan as portas. En canto o dos horarios é máis difícil, segundo un decreto da Xunta deberían pechar ás 4 e media. Sen embargo aínda que é unha orde autonómica, a vixilancia sobre os horarios recae nos Concellos a través da policía municipal e o de Melide aínda necesita máis efectivos dos que conta na actualidade.

A asociación voluntaria de Concellos bautízase como *Galicia Central* en Melide

O terceiro encontro da Asociación Voluntaria de Concellos, dende que naceu en febreiro, celebrouse en Melide. Esta iniciativa pioneira reúne a catro municipios, un por provincia, do interior e ademais os seus rexedores son de distintas cores políticas. Logo de vir de últimos aspectos organizativos vencellados coa agrupación no Carballiño, en marzo, na vila acordaron na súa asemblea decisións concretas. Ademais Melide tivo a honra de ser a *madriña* deste colectivo xa que na xuntanza bautizouse á asociación có nome de *Galicia Central*.

Na reunión de traballo, na mañá, entre a alcaldesa de Melide, Socororo Cea (BNG), e os seus homólogos o de Lalín, Xosé Crespo (PP), o de O Carballiño, Carlos Montes (PSOE), e o de Monforte, Severino Rodríguez (BNG) adoptouse encargar, en primeiro lugar, un estudo onde se poña de manifesto cáles son as posibilidades reais de colaboración e os eidos que ofrecen

maior potenciabilidade de acción para dar beneficio a todos os habitantes dos catro municipios.

Pola tarde no Salón de Actos do Concello os rexedores deron a coñecer os seus proxectos inmediatos. A alcaldesa melidense fixo mención ás iniciativas que se levaran de xeito conxunto entre os catro concellos. Así Melide acollerá un concurso de fotografía no que se presentarán un lote de catro imaxes representativas de cada municipio e cunha temática. Lalín elaborará unhas rutas escolares para que os nenos coñezan ben os seus concellos e, finalmente, o de Carballiño organizará xornadas de campamentos de verán en cada municipio. Tamén se deu a coñecer as datas dalgúns eventos: 11 de agosto, en Monforte, festival de pop-rock con grupos locais. O 7 de setembro, en Lalín, Festival de bandas de cada localidade. Finais de verán, en Carballiño, rutas e senderismo e o 29 de novembro, en Melide, festival de corais dos concellos.

O partido Popular acode ao Valedor para que ondeen as bandeiras na fachada do Concello

O grupo municipal do PP, e no seu nome a súa voceira, Ánxeles Vázquez, rematan de enviar unha queixa ao Valedor do Pobo para que dende está institución se repoñan as bandeiras na fachada da Casa do Concello de Melide.

No seu escrito ao Valedor deixan constancia do incumprimento por parte da alcaldesa, Socorro Cea, do acordo plenario no que se aprobou o restablecemento das insignias no fronte do edificio consistorial. Esta decisión foi adoptada no pleno, do mes de febreiro, a través dunha moción que foi votada a favor polos seis concelleiros da agrupación popular e o

do PSOE. Na mesma tamén se engadía que se colocaran as tres bandeiras: a galega, a española e a da UE.

Dende aquela xuntanza da corporación municipal *xa pasaron dous meses e o BNG fai caso omiso* sinala a Voceira do PP.

O Partido Popular lembra que dende o mes de outubro, que foron retiradas, primeiro se expuso que era para *lavalas e* despois que non se ubicarían na fachada porque *tapaban os escudos*. Tanto a primeira como a segunda desculpa son calificadas de *mentira*, aseveran os populais.

Ao final as bandeiras foron instaladas pero non no lugar acor-



dato senón na cima do tellado e só dúas: a galega e a española. Circunstancia que trouxo as conseguíntes protestas dos veciños de Melide *xa que si se pasa por diante nin se poden visualizar* engáde o PP.

Dende a agrupación local pide-selle a rexedora nacionalista que *recapacite, xa que unha alcaldesa ten que predicar co exemplo, e si non cumpre cos acordos plenarios, non poden obrigar a que os cumpran os cidadáns*. Ademais *hai sentenzas que obrigan a súa colocación en lugares preferentes*.

As rúas Galicia e Avenida de América serán remodeladas como novos entornos comerciais

O executivo local está a traballar no eido da actividade comercial da vila como unha das súas liñas máis dinámicas. Por esta razón o Concello tenta acometer unha remodelación das rúas Galicia e a de Avenida América para darlle unha nova dimensión no ámbito do comercio e *humanizalas* máis.

Con esta intención a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, e o concelleiro de Promoción económica, Xosé Antón Díaz, mantiveron unha xuntanza co Directora Xeral de Comercio, Ana Rúa, para presentarlle o proxecto integral de adecuación destas dúas zonas do municipio.

O proxecto, cunha inversión de 70.000 euros, abrangará a renovación do firme da calzada, cunha nova canalización subterránea, e unha ampliación do paseo na marxe esquerda dos viais.

Nestas dúas rúas, ubicadas preto do mercadillo dominical, tentáse coa ampliación das beirarrúas ofrecer un maior espazo aos peatóns e redistribuír nelas algúns dos postos dos domingos.

O regulamento de venda ambulante entrou en vigor o 10 de abril e no documento se sinalan cáles son as rúas nas que se permitirá a instalación de tendidos, entre as cales figuran estas zonas a reformar.

Este vial é o único de comunicación directa entre a parroquia de Santiso e a vila

A deputación aproba o proxecto de mellora da estrada Melide-Visantoña

O acondicionamento deste trazado era unha das grandes reivindicacións do anterior goberno local do Partido Popular

A Deputación provincial aprobou, no seu pleno de abril, o proxecto de mellora do trazado do firme e ampliación da estrada que une a localidade de Melide con Rivadulla, na parroquia de Visantoña pertencente ao municipio veciño de Santiso. A inversión destinada para esta obra será de 1.836, 341 euros.

As actuacións no vial, que se acometerán nun traxecto de preto de dez quilómetros, consistirán na ampliación da plataforma asfáltica a 8 m de ancho con dous carriles de 3, 5 metros e a dotación de arcéns de 0,50 m cadaún.

Na actualidade a estrada conta cunhas dimensións reducidas, un firme en mal estado e nalgúns zonas do trazado as curvas son moi pechadas. A súa estre-



Comenzo da estrada que vai dende Melide ata Visantoña

tura dificulta o tránsito dos vehículos, provocando un alto risco de sinistralidade.

Vella demanda do PP

Coa aprobación desta mellora, acádase unha das máis antigas reivindicacións que estaba a facer á Deputación o anterior executivo local, o PP, e que agora faise realidade logo das mocións presentadas por Ánxeles Vázquez, primeiro como rexedora do anterior goberno melidense, e agora como deputada da agrupación popular no

organismo provincial. Vázquez agradeceu, no pleno, a sensibilidade coa que foi tratado este proxecto por parte dos deputados dos distintos grupos políticos xa que *a súa mellora vai permitir evitar accidentes tanto para os viandantes como para os condutores que utilizan este vial.*

Con esta remodelación da estrada Melide-Visantoña (CP 4603) estarán mellor comunicados os veciños desta parroquia de Santiso que a cotío se trasladan ata a capital da comarca.

Constitúese oficialmente a primeira executiva local de Xuventudes Socialistas



A sede do PS de G de Melide acolleu a constitución formal da primeira executiva local de Xuventudes Socialistas do municipio. A xóven, Natalia Iglesias Rodríguez, foi nomeada como secretaria xeral desta nova executiva, mentres que o cargo de secretaria da organización recaeu en María taboada Costoya.

O acto de constitución contou coa presenza da secretaria xeral de Xuventudes Socialistas, a nivel galego, Dolores Rodríguez Amoroso. No evento non faltaron a asistencia, e o apoio, de representantes da agrupación socialista da localidade como o primeiro tenente da alcaldesa, Manuel Prado Puga, e mailo secretario comarcal do partido, José

Antonio Prado García.

Rodríguez Amoroso expresou, ao grupo de mozos, a súa satisfacción de que un colectivo de xente ten nova derá este paso porque *deste xeito estase a amosar que a mocidade ten inxedanzas políticas e queren atopar solucións para as mesmas.* Tamén confirmou que *estas iniciativas contribúen a facer unha sociedade civil máis forte e que os nosos xóvenes loiten có que non están dacordo.*

Pola súa banda, Natalia Iglesias agradeceu poder contar co respaldo do PS de G da vila nun proxecto no que *a mocidade melidense temos por fin dereito a dicir e facer algo por Melide,* e animou a que a xuventude melidense se animará a participar nesta iniciativa.

O delegado de Política territorial visita a vila e comprométese a revisar o pintado realizado na estrada entre melide e Betanzos

O delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Alberto González, achegouse ata Melide para revisar os últimos pintados acometidos na estrada que une o municipio e Betanzos. González examinou os trazados, obxecto das melloras, xunto co concelleiro de Seguridade cidadán, Manuel Prado Puga, e un técnico do departamento autonómico. Estas novas pintadas dos trazados da C-840, que discorren por Trasmundi (Cazallas), Real novo (Zas de Rei) e Cortiñela (Xubial), foron motivo de



Manuel prado có delgado e o técnico de Política Territorial

numerosas queixas dos veciños que viven nestes lugares. Demandas que trasladaron ao Concello alegando que as obras afectaban principalmente ás zonas de liñas discontinua e

alteraban os seus desvíos habituais.

Prado xa lla tiña comunicado á Consellería estas inxedanzas dos veciños por mor deste pintado, realizado para axeitarse á nova

normativa en materia de seguridade vial

Na súa visita o Delegado de Política Territorial amosou o seu compromiso, ao Concelleiro de seguridade cidadá, de que a Consellería acometerá a redacción dun proxecto destinado a modificar a sinalización horizontal da estrada entre Melide e Betanzos. Esta actuación mellorará o acceso a todos os viais secundarios que frecuentan os veciños desta estrada C-840, para poder achegarse ata estas parroquias do municipio melidense..

¿Quere que o CERNE chegue ao seu fogar?

Suscríbese e nós llo enviamos

**Para máis información
Chame ao
981.506.188
e infórmate sen compromiso**

Comenzaron xa as obras para o despregamento de rede de fibra óptica e en xullo rematarán as melloras

A vila melidense empezará a recibir e disfrutar dos servizos do operador galego R este verán

Preto de 3.500 fogares e empresas de Melide gozarán da conexión directa á rede R para acceder aos seus servizos

A alcaldesa da vila, Socorro Cea, e o conselleiro delegado de R, Arturo Dopico explicaron, na Casa do Concello, os detalles do acordo polo que se está a estender esta nova infraestrutura de fibra óptica na localidade e que lles permitirá aos veciños recibir os servizos do operador galego este verán. Deste xeito, Melide entra a formar parte do grupo de cidades e municipios galegos que xa gozan de conexión directa á rede de telecomunicacións de última xeración que o operador galego está a despregar en toda a xeografía de Galicia.

A rexedora especificou como xa en xaneiro do 2006 a agrupación nacionalista presentou o proxecto ao anterior executivo local e que



Representantes do operador galego no Concello de Melide

cando comezaron o seu mandato, a mediados do 2007, o puxeron en marcha. R otorgoulles a licenza en febreiro e foi cando comezaron as melloras que rematarán na tempada estival.

Cea tamén lembrou que o proxecto divídese en dúas fases e a que se está a acometer pertence á primeira posto que son viais municipais de competencia directa, *preto de dez rúas* asegurou a alcaldesa. Respecto a segunda etapa realizarase máis adiante xa que *nesas rúas precisamos da autorización doutros*

organismos oficiais como a Deputación, engadiu a rexedora. O conselleiro delegado de R, Arturo Dopico, aclarou que a súa empresa investiu 2,61 millóns de euros para despregar o seu cableado e os seus equipos, á vez que realizan as canalizacións necesarias no núcleo urbano.

Arestora, as obras, desta 1ª etapa, están a levar nas rúas Galicia e Martagona para logo continuar cós viais de Taboada Roca, Lino Sexto Sánchez e Cuba. Estas zonas serán as que recibirán os servizos da compañía no verán.

Con estas obras o operador galego acometerá uns 5 Km de obra civil e estenderá 3,19 quilómetros de fibra óptica. Con toda esta infraestrutura R prevé levar os seus servizos integrados de teléfono, internet da alta velocidade, televisión dixital e móbil a preto de 3.500 fogares e locais empresariais da vila.

Ademáis instalará unha cabina telefónica para abrir, por primeira vez en Melide, o servizo de telefonía pública á libre competencia.

Modernización con fibra óptica. Segundo Dopico R *está a facer un esforzo por estender o maior número de cidadáns galegos as infraestruturas de telecomunicacións máis avanzadas a nivel mundial, como é o caso do Concello de Melide.*

De feito grazas á nova e potente rede de fibra óptica que R está construír, rúa a rúa, os melidenses disporán de chamadas gratis entre clientes R e de internet de alta

velocidade constante por este medio. Ademáis, dende o ano pasado, xa está en marcha o novo servizo de televisión dixital interactiva con calidade de imaxe e son dixitais, máis dun cento de canles con guía ou miniguías electrónicas de programación e múltiples posibilidades de interactividade. Tamén se poderá contratar o servizo de **móbil R** integrado asemesmo na oferta de paquete de telecomunicacións do operador galego. Os clientes de **móbil R** poden chamar a 0 céntimos/minuto a tódolos móbiles e fixos do mesmo contrato, se teñen concertado coa compañía o teléfono fixo e o móbil. O operador galego ofrece tarifas flexibles e decrecentes, de xeito que a máis chamadas realizadas e mensaxes enviadas, a tarifa telefónica diminúe.

Apoio de Industria

A conexión do Concello de Melide á rede troncal de fibra óptica de R enmárcase dentro do acordo firmado entre R e a Consellería de Innovación e Industria da Xunta para que a internet chegue a toda Galicia e se fomenta o uso das tecnoloxías da Información.



Instalación de redes locais,
sistemas informáticos
y centraliñas telefónicas
Mantenimento
Reparación
Distribuidor Autorizado R

telefono

- chamadas a fixos gratis
- chamadas a 0 cent/minuto aos teus móbiles R
- bonos móbiles e internacionais
- co teu número de sempre

internet

- alta velocidade constante por fibra óptica
- instalación e mantemento domiciliario
- atención especializada

television

- máis de 100 canles con calidade dixital interactiva
- o mellor fútbol e cine de estrea
- sen antenas e sen ocupar ancho de banda na internet

mobil

- fala a 0 cent/minuto
- cun novo terminal á túa medida
- toda a calidade de R agora no teu móbil
- cobertura nacional e internacional



teléfono, internet, televisión

Tel./Fax: 981 815 442 - 600 547 000

Martagona II - 15800 Melide (A Coruña) - www.ruraltec.es - admon@ruraltec.es

A vida pode darnos as súas limitacións en algúns eidos pero somos nós a que eliximos o xeito de vivila

Amancio Roibás, un exemplo de superación de cómo loitar a pesares de ter unha discapacidade

Ánxeles Buján

Amancio Roibás veu ao mundo nun parto no que se empregaron ventosas, instrumentos que lle causaron que nacerá con parálise cerebral. Senón fora por esta circunstancia *sería unha persoa completamente sán*, asegura Roibás. Aínda que as secuelas non foron tan graves, como as que ás veces causan este tipo de enfermidade, pois a Amancio só lle afectaron na dificultade de camiñar.

Qué un neno posúa unha discapacidade non é motivo para pensar que hai que actuar de xeito distinto con él xa que dependendo da súa minusvalía pode levar unha vida saudable. E isto foi o que fixo Amancio dende a súa nenez, grazas a súa grande vontade de superación e a comprensión do seu entorno familiar.

Nado e criado na cidade de A Coruña realizou os seus estudos de educación primaria nun colexio público onde compartía clases con compañeiros e

participaba nas actividades como outro alumno calquera. Si algo caracteriza ao noso protagonista é as súas grandes ansías sempre por aprender e posuír unha formación cultural ampla. Así que rematado o EXB continuou perfeccionándose neste eido realizando numerosos cursiños como, por exemplo de informática ou de administrativo.

Pero axiña lle xurdiron tamén outras inquiredanzas para poder voar máis persoalmente como a de traballar para acadar a súa propia independencia económica. Así que atopou o seu primeiro emprego no sector dos telares onde facía bufandas, chalecos ou fermosos tapices. Hai unha etapa que Amancio lembra especialmente con agrado porque él que acodía, como todo xóven da súa idade, ás discotecas da cidade Herculina coñeceu a compañeiros coa súa mesma problemática que *as súas familias os tiñan enclaustrados nas súas casas*, afirma Roibás. E él animounos a coñecer a vida social que existía fóra das catro pare-



Amancio Roibás está a traballar na actualidade na OID

des dos seus fogares, algo que supuxo un inconveniente para as familias destes mozos que non estaban acostumadas. *Daquela época os familiares a min chamábanme o rebelde, que lles ía metendo cousas estranas na cabeza*, declara Amancio. Pero ao final conseguiu facer unha pandilla con estes amigos e *o pasabamos moi ben pola Coruña*.

A saúde

Amancio Roibás, a pesares das súas dificultades no andar, camiñou cun bastón perfectamente ata os trinta anos. Idade

na que lle empezaron a xurdir problemas de de esclerosis e xa leva varias operacións. Esta enfermidade fixo que tivera que empregar unha cadeira de rodas, o seu medio de transporte actualmente. Pero él sige vivindo a súa vida, agora en Visantofia, *saio cos amigos ás romarías, vou a ver o fútbol ou xogamos ás cartas*, afirma. Ademais traballa na OID como repartidor de boletos, o que lle dá unha seguridade laboral. En definitiva, estamos diante de todo un exemplo de superación e loita na vida a pesares de carecer de saúde.

O Concello promove unha campaña de recollida de pilas

O Concello de Melide, a través da Concellería de Medio ambiente, esta a desenrolar no municipio unha campaña de recolleita de pilas empregadas e que xa carecen de uso.

Esta iniciativa levase a cabo por mor de que estes materiais conteñen metais altamente agresivos e nocivos para o noso mediambiente.

Para evitar este problema, no entorno da natureza, instaláronse dous contenedores específicos para que os veciños boten neles as pilas inutilizables que teñen nos seus fogares e non no lixo tradicional.

Os veciños que se queiran solidarizar con esta campaña poden botar estes materiais contaminantes nos contedores ubicados nas zonas da casa do Concello ou no lugar do edificio do Multiusos.

A parroquia de Folladela sufríu cortes de luz de dez horas

Os veciños de San Salvador, de Folladela, sufriron durante dous días consecutivos cortes de luz que acarrexaron problemas nos seus fogares.

A primeira xornada, a electricidade marchou, dende as catro da tarde ata as dúas da madrugada, mentres que o día seguinte o apagón produciuse entre as cinco e seis do serán.

Estos cortes supuxeron numerosos inconvenientes para os habitantes da parroquia melidense. Por unha banda, moitos dos agricultores vironse obrigados ordeñar a man as reses vacunas e, por outro lado, nas vivendas, que contan con motores nos pozos, quedaron sen auga. Ademais, ao fallar durante tanto tempo a luz, moitos dos alimentos de neveras e conxeladores perderonse.

Río Furelos demostra que non mintiu ao afirmar a cesión de coutos á Ponte Mazaira xa que se debeu a un erro da administración

Na anterior edición do *Cerne*, o presidente da Asociación deportiva Ponte Mazaira, Manuel Rodríguez Vázquez, aseveraba mediante unha nova, que o colectivo Río Furelos non dicía a verdade respecto a cesión de coutos a súa entidade. Publicada esa nova a nosa redacción recibiu un comunicado de prensa, por parte da asociación de troiteiros, na que se nos explicaba a realidade da situación.

A nota foi enviada para aclarar á xente os feitos acontecidos e acompañouse de documentos oficiais da administración correspondente. Todo elo para rematar coa campaña de difamación levada a cabo polo presidente de Ponte Mazaira a través dos medios de comunicación e carteis espallados pola

vila nos que deixaba o colectivo Río Furelos en un baixo prexuízo.

A asociación de troiteiros, por medio do seu representante Xabier Pazo, reclamou a arbitraje do Xefe da sección de Caza e Pesca da Consellería de Medio ambiente respecto o tema. O titular deste departamento, Manuel Rodríguez Solórzano, non dubidou en remitir un informe, as dúas asociacións de pesca o 8 de abril, explicando o problema dos coutos e admitindo no mesmo que houbera un erro involuntario na transcripción do convenio asinado pola Consellería co colectivo de troiteiros na súa cláusula 2.2 *Obrigas da Consellería*. Esta rezaba orixinalmente: *A Consellería comprométese á entrega gratuita*

para a distribución ou venta entre os seus socios do 33% dos permisos do couto Río Furelos para cada un dos días de tempada de pesca. No informe Solórzano, fai constar que no acordo faltaba o texto: *que se exceptuarán un máximo de catro xornadas de pesca que quedarán a dispoñición da Consellería para concursos deportivos oficiais ou sorteos doutras entidades colectivas...*

Polo tanto, cando a Asociación Río Furelos recibiu, ao principio da tempada o convenio, descoñecía este problema administrativo, e posuían os permisos que figuraban no mesmo. Foi entón cando, actuando con lealdade co outro colectivo de pesca, reservaron permisos para eles prevendo que está celebraría os seus con-

cursos. A notificación do erro burocrático, a través da delegación correspondente, foi recibida polos troiteiros o 31 de marzo e tramitaron a devolución dos permisos o 1 de abril. Deixando constancia disto amosáse que Asociación de troiteiros non mintiu e que o acontecido foi algo alleo ao colectivo como entidade colaboradora. Feito que se corrobora no mesmo informe dictado polo Xefe de Caza e Pesca que cita: *Este servizo quere facer constar que a Asociación de Troiteiros Río Furelos, sempre entendeu o problema e devolveu os permisos expedidos ao seu nome, dos días de concurso elixidos pola Soc. deportiva Ponte Mazaira -Furelos cando se lles requiriu este servizo*.



DESCUBRE O TEU PAÍS

Telf.: 902 33 20 10 www.xacobeo.es

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo



FACENDO CAMIÑO

 **xacobeo**

O goberno municipal está a traballar en varios proxectos para urbanizar o municipio

O delegado de Vivenda visita Toques para interesarse polas súas melloras

Entre os plans que ten o executivo local, en materia de vivenda e solo, a adecuación do patio do colexio vello é unha das actuacións que levarán a cabo.

O Delegado Provincial de Vivenda, Xoán Carlos Bascuas, e maila directora xeral de Fomento e calidade, Encarna Otero, visitaron o Concello de Toques para coñecer *in situ* o entorno do antigo colexio municipal.

Acompañados polor rexedor, Miguel Buján, e o primeiro tenente de alcalde, José Manuel Ferro, comprobaron o estado de lugar e confirmaron aos representantes do executivo local que a Consellaría de Vivenda remodelará o patio do edificio para transformalo nunha praza pública. A directora de Fomento informoulles aos responsables do municipio que en breves datas enviaráse a unha técnica para ver o lugar e aportar máis ideas coa finalidade de que *se cree un ambiente máis calido e humano neste contorno*, asegurou Otero. Tamén sinalou a importancia



O delegado, á dereita, e Encarna Otero no centro có executivo local

que tiña a regulación do uso compatible da ordeación de coches, nun aparcadoiro, coa do mobiliario interior para que *a xente goze tanto dentro como fóra do recinto*.

O anteproxecto para executar as melloras no antigo patio escolar ascende a uns 120.000 euros e as obras escomenzaran cando se asine o convenio rematando antes de que acabe o ano.

A creación dunha praza pública no vello centro escolar será a primeira das actuacións para transformar o edificio nun

Multiusos que contará no seu interior cun albergue, unha biblioteca ou un salón de actos para as actividades dos veciños. Outros dos temas que se trataron foi a posible edificación de VPO e as novas axudas de rehabilitación para as casas vellas, cuestión esta última na que os representantes da consellería destacaron as súas vantaxes e que *hai que concienciar á xente de que calquera vivenda rehabilitada hoxe reúne máis calidade e confort que incluso unha de nova adquisición*.

O Concello de Toques solicita as axudas da Xunta para o seu departamento de servizos sociais

O departamento de servizos sociais do Concello vai a solicitar as subvencións que a Vicepresidencia de Benestar otorga para este tipo de organismos dentro do seu plan concertado.

Esta oficina coa que conta a casa consistorial, dirixida pola asistente social, é un servizo municipal de atención primaria que desenvolve programas e presta asesoramento ou axudas as persoas que o precisen. O seu obxectivo é favorecer a participación, integración e benestar social da xente dentro do seu medio e contorno máis próximo.

Deste xeito neste departamento ofrecense cursiños de axuda ao fogar e apoio a unidade de convivencia, facilitáse a inserción laboral mediante programas de emprego ou unha atención aos grupos con problemáticas distintas como a da marxinación ou toxicomanías.

Xantar sobre rodas

Dentro deste programa concertado da Xunta, a achega na que máis intrése posúe o Concello é a solicitude do

chamado *Xantar sobre rodas* para os colectivos máis desfavorecidos do municipio.

Esta iniciativa consiste en levar aos fogares dúas comidas diarias coa finalidade de que persoas como os maiores que viven sos, as familias con minusválidos, os que padezan enfermidades de incapacidade ou os que carezan de recursos económicos poidan gozar dunha alimentación sá, variada e equilibrada.

Con esta actuación facilítase que a xente dependente permaneza o máis tempo posible no seu entorno habitual evitando a súa intitucionalización en centros e, ademais, contribúe a que non sufran accidentes no intre de cocinar eles mesmos. Obtida a subvención, o Concello ten previsto elaborar un regulamento e unha ordeanza fiscal á vez que realizará unha proba cos produtos da empresa e unha sondaxe do resultado da iniciativa entre os seus posibles usuarios.

Toques é o primeiro municipio da tódala comarca que ten previsto implantar este servizo de *Xantar sobre rodas*.

A Aula da Natureza toquense acolle un curso para achegar aos veciños a informática

A aula da natureza do municipio alberga dende hai varias semanas o curso *Aplicación informática para explotacións agropecuarias e internet* que se imparte tódolos días laborais en dúas tandas.

Moitos foron os toquenses que se inscribiron neste cursiño, organizado polo Concello e impartido por dous docentes da academia Naranco da Coruña, para aprender a manexar o mundo da informática.

Nel os alumnos están a coñecer o entorno windows, o manexo do procesador de textos Word e o paquete de ofice de excell e access. Como navegar polo inter-



Máis de trinta toquenses participan neste cursiño

net e a creación de correos de e-mails son outros conceptos que se aprenden nesta iniciativa. Ademais de paso aprenden mecanografía co teclado, algo moi fundamental neste eido e para a súa vida cotiá.

Un cursiño do máis completo e

cua principal finalidade é *non só que a xente adquira as nocións senón tamén que perdan o medo ao ordenador para familiarizarse con él e así traballar dun xeito máis ameno e áxil*, afirma Nuria Yañez, profesora do curso.

O PSdeG do Concello de Santiso amosa a súa satisfacción polo proxecto da mellora do vial Rivadulla- Melide

A Directiva da agrupación municipal socialista de Santiso congratulouse pola publicación oficial, por parte da Deputación, da aprobación definitiva do ensanche e mellora da estrada que comunica Rivadulla co municipio veciño de Melide. O PSdeG leva tempo loitando na reivindicación destas obras viais visitando, en numerosas ocasións, a Deputación de A Coruña. O presidente do organismo provincial, Salvador Fernández Moreda., convidado pola formación política, tamén visitou Santiso pra inspeccionar

in situ o estado no que se atopaba a estrada.

Dende que iniciaron a súa reclamación neste tema, a agrupación socialista non deixou de presionar para acadar o seu obxectivo, finalidade que ao fin lograron con saída á luz pública da execución deste proxecto. Os empresarios da zona de Visantoña, a suá vez, amosaron a súa satisfacción neste logro no que apoiaron ao grupo PsdeG dende os seus inicios coa elaboración conxunta, hai tempo, da solicitude urxente para a mellora do vial.

O Centro de Información á muller: ao servizo dos problemas das veciñas melidenses

Este organismo municipal ofrece asesoramento ao colectivo feminino nas súas inquiredanzas sociais



O CIM atopáse no interior da casa do Centro Social

O C.I.M., Centro de Información á Muller, puxose en marcha no ano 2001, coa finalidade de converterse nun servizo gratuito onde persoal especializado, en distintas áreas, podera axudar ás mulleres da vila nos seus problemas e inquedanzas.

Dende que naceu acolleu milleiros de visitas de veciñas que acuden ao centro para recibir unha prestación personalizada e efectiva dos profesionais cualificados que a cotío traballan nas oficinas que acolle a casa do Centro Social.

No CIM melidense inclúese información e asesoramento no ámbito da psicoloxía no que se tratan dende temas como os problemas familiares, os malos tratos, toxicomanías ata adopcións ou intervención especiali-

zada en abusos ou acosos sexuais.

No mesmo organismo as mulleres tamén poden contar coa axuda dunha avogada que as orienta en cuestións legais. Solicitudes para a tramitación dun letrado de oficio, ou procurador, problemas derivados das separacións matrimoniais, sentenzas incumplidas ou dereitos das traballadoras como as baixas laborais son algunhas dos beneficios que oferta esta área xurídica.

No Centro de Información á Muller tampouco falla outras actividades como cursos ou seminarios, ademais da información da máis

diversa índole como a relativa ás subvencións, emprego, formación, iniciativas empresariais, recursos e servizos sociais ou programas para mulleres desfavorecidas

O CIM é un servizo, totalmente gratis, ofertado polo Concello para todo colectivo feminino da comarca de Terra de Melide e que conta coa colaboración da Consellería da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia. Este organismo atopáse no Centro Social tendo as súas portas abertas a tódalas aquelas persoas que desexen obter información, asesoramento ou orientación nas súas inquedanzas sociais.

A Oficina de Información ao consumidor, o dereito a reclamar no noso consumo

A Oficina municipal de Información ao Consumidor, OMIC, é unha entidade coa que conta Melide e que depende organicamente do Instituto Galego de Consumo da Consellería de Industria.

A OMIC, con sede no Centro Social, brinda aos usuarios unha atención personalizada nas súas consultas, a tramitación das denuncias, queixas e reclamacións ou a mediación entre as partes para a resolución de determinados conflitos.

Esta institución da vila defende os dereitos dos consumidores á protección da súa saúde, a salvagardar os seus intereses económicos así como o recoñecemento do amparo xurídico, administrativo, técnico e a reparación de danos ou perxuízos nas mercadorías mercadas.

A Oficina de Información ao Consumidor sempre recomenda que se garde o xustificante de compra como garantía ante posibles problemas e que nesta conste dous anos de aval do

produto si se merca novo. Conservar a publicidade realizada polo empresario ou esixir sempre presuposto previo antes de contratar un servizo son outros dos factores que defenden aos usuarios no caso de reclamacións.

De feito no ano pasado, segundo datos do Instituto Nacional de Estadísticas, a maioría das queixas no eido do consumo recaeron nos sectores das compañía telefónicas, de fixo ou móbil, na internet e nas novas vivendas.

O usuario tamén ten no calendario a súa xornada adicada especialmente a él como é o día Internacional do Consumidor que se celebra, dende hai 48 anos, o 15 de marzo. A historia desta conmemoración remontáse ao 1962 cando o presidente estadounidense, J. F. Kennedy, reivindicou os dereitos para os mercadores aínda que este día non se institucionalizou pola ONU como data oficial ata o ano 1983.

A xuventude da comarca coñecendo o seu mundo a través do centro da OIX

A Oficina de Información Xuvenil, OIX, é unha estrutura informativa de carácter municipal que presta servizos de información, a través do Concello, á xente xóven da vila e comarca.

Ubicada no Multusos, a mocidade pode acudir a este centro para informarse, orientarse ou asesorarse das distintas iniciativas dirixidas a este colectivo nun horario de mañá de 9 a 14 horas. Na OIX poderán coñecer as saídas profesionais do bacharelato e dos ciclos formativos, masters no extanxeiro, cursos organizados polo Concello, así como obter información doutras actividades educativas.

Para o seu tempo de lecer a



A OIX atopase no Multusos

xuventude tamén poden achegarse a este departamento para interesarse sobre a oferta de albergues, campamentos, casas rurais, campos de traballo ou viaxes ao extranxeiro.

A solicitude e tramitación do Carné xove euro é un dos aco-

metidos que se realiza nesta oficina e que máis éxito ten entre a mocidade. Facilitado pola xunta de Galicia, para xente dente 12 e 30 anos de idade, os xóvenes poden beneficiarse con él de descontos ou vantaxes, tanto a nivel nacional como nos 40 países europeos no que está implantado. As vantaxes abrangen ámbitos como o de aloxamento, transporte, ensino ou da cultura, entre outros. Para acadalo é requisito imprescindible posuír DNI, unha foto de tamaño carné e abonar unha taxa.

O máis demandado polo xóvenes melidenses neste centro son o carné, os campamentos de verán ou os cursos que imparte o Concello, afirma a encargada da OIX, María José Enjamio.



A radio Municipal achegando as novas dos acontecementos da vila aos fogares da comarca

Corría o ano 1996, no mes de abril, cando os veciños de Melide escoitaron por primeira vez as novas de carácter local a través das ondas Hertzianas. Deste xeito escomenzaba a súa andaina a emisora da radio municipal que dende entón emite tódolos días de luns a sábados nun horario de mañá e tarde. Na actualidade a emisora conta con dous locutores, Isabel Ramos e Ricardo López, que a través do microfono achegan coas súas voces a programación desta radio. Na súa grella os programas estrela para a audiencia son os boletíns locais coas novas da vila e a hora do oínte na que os veciños adican cancións aos seus seres queridos.

A biblioteca de Melide: máis de trinta anos entretendo cos seus libros aos melidenses

Moitos dos veciños medraron coa lectura dos seus exemplais, agora son tamén os seus fillos os que gozan dos servizos deste organismo municipal



Anxela López encargase ás veces de aconsellar aos usuarios

A Biblioteca Municipal da vila cumpríu o ano pasado os seus trinta anos de *vida* ininterrompida e aínda que naceu no 1977 as súas portas abríronse por primeira vez de cara ao público en xuño do 1978.

Dende aquela foron moitas as cousas que mudaron. Os nenos dos 70 e os 80 que acudían a ela na búsqueda dalgún libro son hoxe adultos e son os seus fillos os que tamén buscan neste lugar as súas lecturas favoritas. Tamén o espazo onde se ubicou no seu necemento, na pranta baixa do Concello, trasladouse ao Multiusos onde se adecuou unha estancia especialmente para este servizo cunha superficie de 200 metros cadrados e 297 metros lineais

de andeis.

O seu fondo bibliotecario tampouco podía ficar inalterable e dos 3.000 volumes, en castelán e galego, que posuía na súa orixe pasou aos 16.250 cos que conta na actualidade. En canto aos 600 usuarios rexistrados no 1980 agora convertíronse en 3064 lectores que a cotío asisten á biblioteca para solicitar algún libro en préstamo.

Avanzando cos tempos, tamén incorporou nas súas instalacións novas tecnoloxías da multimedia como varios ordenadores e soportes audiovisuais como DVDs, CDs e

vídeos de diversa temática para que os seus socios dispoñan dun servizo máis completo. O fondo local da Biblioteca Municipal está cheo de publicacións que se editan na nosa comarca como folletos, revistas ou anuarios.

Dende que se puxo en marcha esta institución con ela embarcou a súa encargada, Ánxela López, que leva navegando nesta aventura as tres décadas e vendo como os seus lectores medraban ao longo deste período.

Tantos anos fan que Ánxela coñeza a perfección este mundo e ela mesma encargáse

de actualizar os exemplais para que ao lector non lle falle de nada, *non hai case ningún día que non entre un libro novo*, afirma a bibliotecaria.

Incentivar o fomento da lectura entre os máis pequenos é primordial na biblioteca que é a impulsora de animar a coñecer o mundo dos libros aos nenos do programa *Preescolar na casa*, dende 0 e 3 anos, con actividades que se convocan dúas veces á semana.

No local hai libros co material axeitado, de plástico, para que os bebés xa poidan fami-

lirizarse con este mundo dende o principio das súas vidas e é que para Ánxela López crear o hábito da lectura dende pequeno é básico para o seu futuro, non en van o seu lema é *un neno lector sempre será un lector*.

Pero non todo na biblioteca é ler, tamén se programan diversas actividades como visitas, certámens ou exposicións. O ano pasado para conmemorar o seu aniversario, o famoso escritor da serie de contos *Os bolechas*, Pepe Pinto, adicou un dos seus libros ao municipio: *Un peregrino en Melide*

Chisco, a mascota de toda unha entidade

En novembro do 2005 veu por primeira vez a luz a mascota da biblioteca, *Chisco*. Esta persoa naceu a raíz dun concurso escolar de debuxo na comarca que tiña como finalidade incentivar entre os escolares o hábito de ler e dende enton convertíuse no logotipo da entidade. Co tempo *Chisco* atopou unha amiga, *Piticlina*, que visitaba a miúdo o local para contarlles aos cativos numerosos contos co obxectivo de inculcarlles valores como os da igualdade ou non violencia, entre outros.



A Oficina Comarcal Agraria de Melide, un servizo de atención á poboación do agro

Este organismo, dependente da consellería de Medio Rural, instalouse en Melide no ano 1971 coa finalidade de facilitar información a unha comarca na que o predomínio do eido rural é o maioritario.

A Oficina Comarcal Agraria (OCA), antes denominada axencia de extensión agraria, ten as súas infraestruturas ubicadas na Casa do Concello e por ela pasan a diario numerosos agricultores que precisan coñecer algunha cuestión vencellada ao seu ámbito ou realizar tramitacións. Esta instalación esta integrada por dúas seccións: a veterinaria e a agrícola.



Na primeira os veterinarios encarganse de tarefas como a de otorgar a alta ou a baixa por venda ou sacrificio do gando á vez que expiden as guías sanitarias pertinentes para ralizar as anteriores actuacións.

A sección agraria conta con

dous administrativos cuíñas funcións baseanse en informara cómo tramitar a solicitude de diferentes impresos entre os que se atopan tamén o cubrir as solicitudes das axudas que a Consellería do Rural concede a este sector.

Na Oficina agraria, cuio xerente é Antonio Mosqueira Rañón, hai rexistros para diferentes tipos de animais como o vacún, o ovino, o equino ou o apícola. Esta entidade ten como principal obxectivo facilitar as relacións entre a poboación do agro e a administración sen necesidade de que os traballadores deste sector viaxen fora da comarca.

Servizo galego de Colocación axudando no ámbito laboral

O Servizo Galego de Colocación, coñecido como o INEM, do municipio presta unha atención personalizada aos traballadores e desempregados para a mellora da súa calidade de vida. Os empresarios tamén son atendidos a hora de atopar as persoas co perfil profesional que requiren para cubrir postos na súa firma. Os parados inscritos nas súas oficinas poden con este servizo acceder a ofertas de emprego, modificar o seu currículo vitae, orientación ou optar á realización de cursiños de formación ocupacional para mellorar a súa experiencia profesional.

Asemesmo xestiona os diferentes tipos de subsidios que as persoas que fiquen sen traballo poden percibir. Prestacións como a de desempleo a nivel contributivo, o coñecido paro, da que son beneficiarios traballadores de máis dun ano, a de carácter non contributivo para xente que traballara máis de seis meses e menos de 365 días, o subsidio para maiores de 52 anos e unha longa lista da que o persoal do INEM informa ao usuario. Dende hai pouco tempo as súas sede trasladáase dende a estrada de Lugo ata fronte o Colexio nº 1 onde gozan dunhas instalacións máis amplas para atender á xente.

A súa traxectoria de máis de 30 anos en Melide consolida a empresa como unha das máis populares neste mercado

BLANGAR: apostando polo confort e seguridade dos fogares a través da carpintería do aluminio

Blangar S.L conta cunha ampla experiencia no sector da carpintería metálica, abrangando un amplo abano de produtos como fiestras, portas, persianas, contaportas, balcaneiras ou cerramentos de galerías, entre outros. Esta empresa naceu hai 33 anos da man dos seus propietarios, Ramón Blanco e Gustavo Garea. Nun principio as súas instalacións ubicábanse nun pequeno local no centro de Melide pero o espazo quedábase pequeno para atender a demanda da clientela e dende o ano 1992 a firma opera nunha gran nave situada ao carón do parque empresarial. No local traballan en total oito persoas, os dous donos e seis empregados. Neste taller realízanse tódolos traballos de carpintería metálica dende a súa fabricación ata a instalación do produto e, a súa vez, tamén ofertan o usuario un servizo técnico para a reparación dos seus produtos.

Entre as súas carteira de clientes destacan os particulares, establecementos e os constructores, sendo estes últimos os que conforman o volume de demanda máis alto. A empresa non só proporciona os seus produtos para usuarios da comarca de Melide senón que tamén requiren dos seus servizos perosas das zonas de Palas de Rei, Arzúa ou cidades como A Coruña ou Lugo.

Maquinaria

Ademais da man de obra, no eido da carpintería de aluminio a infraestrutura en máquinas é esencial a hora de elaborar o material. BLANGAR conta nas súas instalacións cunha ampla gama de máquinas: a cortadora para serrar os perfís, ou marcos, de xeito que teñan un longo predeterminado, a taladradora con columna industrial para perforar ou a copiadora que permite reproducir os modelos dos ocos montados sobre elas como facer os buratos das pechaduras. Tamén posúen distintos tipos de cortadoras para cortar chapas, paneis ou persianas.



Na nave elaborase e dásele forma ao material coa axuda dos distintos tipos de maquinaria

As fiestras

En Blangar podemos atopar todo tipo de fiestras. Ventáns corredoras, de follas deslizantes, batientes de apertura de xeito tradicional ou as oscilo-batiente que ademais de posuír a función da anterior permite ao usuario abrila só parcialmente na parte superior. Este último sistema é ideal para ventilar as casas sen que entre moito o pó, asegura Xabier Garea Blanco.

As fiestras que incorporan dobre acristalamento tamén están moi en boga, sobre todo, as que están dotadas de rotura de ponte térmica. Estas levan entre os perfís dos dous vidros material de poliamida, de xeito que non están en contacto o lado de fóra do cristal co de dentro, algo moi positivo porque evita a condensación ou vao xa que a poliamida fai de aillamento entre ámbolos

perfís ou marcos, sinala Xabier Garea. Ademais este acristalamento da un grande confort ao fogar porque estas fiestras aforran enerxeticamente na calefacción ao impedir as súas saídas, á vez, que reducen moito a penetración de ruidos do exterior.

Nas novas construcións estase a meter no mesmo edificio trinta o coarenta ventás diferentes na súa tipoloxía e con diversos perfís podendo atopar nun soa edificación ata 500 perfís distintos. Respecto a demanda que fan os constructores na calidade de materiais *estes non escatiman en gastos e mercan a gran maioría as de ponte térmica*, comenta Garea

As persianas

Nesta carpintería de aluminio, o cliente pode escoller entre varios modelos de persianas dende as

máis lixeiras no intre de levantálas inxectadas con material de poliuretano ata os que queren maior seguridade na súa casa con láminas de aluminio macizo con maior grosor e moi resistente a roturas. Actualmente tamén se están a levar as chamadas contras *mallorquinas*, sobre todo en chalets, con láminas graduables que permiten regular a luminosidade solar que se quere para o interior da vivenda e aireala.

As portas

As entradas típicas con barroteas aínda posúen unha alta demanda nos particulares e para entradas de dos edificios. Nembargantes as fabricadas toda en chapa de aluminio de aceiro, que soen levar unha pequena fiestra cega de adorno, soen ser mercadas máis para os chalets ou vivendas unifamiliares.

O Aluminio como elemento decorativo e para outros usos

O traballo deste material non só se adica ás fiestras, persianas ou portas. Mediante a carpintería de aluminio se fabrican ademais mámparas para os baños, cercamentos de porches ou terrazas e balcaneiras.

Precisamente un dos maiores pedidos pola banda dos clientes é pechar as terrazas que dan cara o xardín das súas casas. Esta revístense de portas de cristal oscilo-paralelas de enor-

mes dimensións pero dunha grande lixeza no intre de abrílas.

Outra novidade que os usuarios están a solicitar neste mercado son os *muros cortina estrutural* para as fachadas dos edificios. Estes substitúen paredes exteriores por acristalamento para que as instancias do interior gozen de maior luminosidade.

En canto as cores segue a triun-



Na parte superior da nave acóllese unha mostra de obras far o branco aínda que o verde esixe na reforma das das casas moteado o burdeos cada vez antigas ao carón do camiño collen máis auxe, sobre todo, francés. Aínda nos chalets por mor de que Patrimonio o tamén son moi solicitados.

O PVC marca no mundo deste material un antes e un despois

Este elemento, que xa se descubriu no século XIX, está a voltar a entrar no mercan do aluminio con gran forza e en BLANGAR isto comenázase a notar. O PVC, cloruro vinílico, é un polímetro termo plástico, que cós novos tratamentos químicos da actualidade, o convirten nun produto ideal para os nosos tempos e que ademais *conta con coantiosas vantaxes*, afirma Xabier Garea.

Beneficios como a súa longa vida de duración xa que se trata dun elemento que non se pudre, se deforma, nin se corroe ante as inclemencias da climatoloxía. Esta efectividade de incorrompible no 100% fan que sexa un material que non precisa atencións ou coidados custosos ademais de os seus perfís non resultan afectados polo sol intenso, as grandes choivas ou fortes ventos.

Outra das súas características é que o PVC conta cunha grande resistencia ao lume porque os seus marcos manteñen a combustión.

A Asociación de Empresarios Terra de Melide dá un paso máis adiante no beneficio dos seus asociados **ASETEM-CCA asina un acordo marco con ISOJAVA para a implantación das normas ISO**

A colaboración da consultora galega axudará a obter o mercado da CE e o asesoramento en cuestións de calidade ou seguridade alimentaria

No mes de abril, a Asociación de Empresarios Terra de Melide, ASETEM-CCA, asinou un convenio de colaboración con Isojava Consultores S.L. cón obxectivo de ofrecer aos seus asociados un completo asesoramento, información e xestión nos ámbitos de Calidade, medioambiente, mercado de CE, seguridade alimentaria ou prevención de riscos laborais.

Grazas a este acordo con esta firma galega de consultoría, de grande prestixio e especializada na implantación das normas ISO, as empresas e negocios pertencentes a ASETEM-CCA poderán implantar as mesmas.

A norma ISO 9001 é un modelo de xestión de Calidade, que reúne unha serie de pautas xenéricas, que debe seguir todo empresario cun obxectivo sexa que a súa empresa se caracterize por



O Presidente de ASETEM-CCA e o xerente de ISOJAVA asinando o acordo

unha calidade avaliada e certificada

En canto a ISO 14001 é o sistema de referencia máis estendido e implantado, a nivel mundial, para a certificación da xestión medioambiental.

Isojava, ademais de ofrecer estas normas e asesorar en temas de seguridade alimentaria ou xestión prevención de riscos, e unha firma galega adicada tamén ao mercado do CE da Comisión Europea. Este é a marca obrigatoria en tódolos estados de a Unión Europea pola que o fabricante declara que os seus produtos elaborados

cumpren os requisitos mínimos legais e técnicos de seguridade. As empresas que non contan con este mercado teñen prohibido a comercialización dos seus produtos no mercado.

Isojava Consultores S.L. conta con sedes distribuídas por toda Galicia e desenrola proxectos de consultoría en máis de 200 empresas de distintos eidos e presente en outros sectores como o do educación, autoecoloxía ou transportes,

Ademais máis de 344 comercios galegos contan coa implantación dun sistema de calidade grazas a esta firma.

ASETEM-CCA, unha asociación empresarial na axuda dos seus socios

A Asociación de Empresarios Terra de Melide naceu en 1989 coa finalidade de recoller as inxerencias dunha parte do empresariado da comarca. No ano 2005 deu un salto importante na súa traxectoria ao convertirse nun Centro Comercial Aberto cón nome de ASETEM-CCA.

Na actualidade conta con preto de 150 asociados e cunha continua actividade, con cursos, campañas, a edición dun xornal (CERNE) e un portal: www.asetem.com

Axudas da Xunta

Subvención na contratación indefinida das mulleres (DOG 16 abril). Con esta axuda trátase de acadar un traballo igualitario no mercado laboral e o tipo de apoio será de subvencións a fondo perdido. O beneficiario desta achega será calquera sector empresarial: empresa, autónomos ou sociedades civís que contraten mulleres maiores de 31 anos e que cumpran os requisitos sinalados na orde. O prazo de presentación de solicitudes é ata o 31 de maio.

Axuda a pequenos comerciantes ou promotores do comercio rural que se adhiran á rede de comercio rural galego (DOG 9 abril)

A finalidade da subvención é fomentar a adecuada dotación comercial e promover a modernización dos establecementos rurais así como integrais na rede do comercio rural galego. Poderán solicitala os comerciantes propietarios ou futuros comerciantes reatallistas que se adiquen a esta actividade. Como requisitos para recibir a achega existen, entre outros, que non superen os 10 traballadores, que os seus locais dispoñan dunha superficie mínima de 35 metros cadrados e máxima de 150 e que esten ubicados en concellos de menos de 5.000 habitantes ou en núcleos urbanos que non superen este número aínda que pertencen a municipios de máis de cinco mil veciños. A subvención será a fondo perdido de ata o 70% do investimento en actuacións como a adecuación dos locais e reforma ou ampliación, mellora da fachada, adquisición de mobiliario e equipamento. O prazo de solicitude remata o 10 de maio.

Subvención para a contratación allea de persoas ou colectivos en risco de exclusión social (DOG 1 de abril).

Os beneficiarios son calquera tipo de empresa. A axuda dependerá do tempo de contratación e será a fondo perdido aplicándose unha porcentaxe na base mínimo do grupo de cotización ao que pertenza o traballador. O tempo para requirila remata o 15 de maio.

Os comerciantes melidenses reciben unha xornada sobre as novas tecnoloxías en ASETEM

Varios comerciantes melidenses poideron coñecer detalles sobre o mundo das novas tecnoloxías a través dunha xornada informativa celebrada no local de ASETEM-CCA.

A sesión informativa estivo dirixida aos propietarios das pequenas PEMES para aconsellos sobre cómo realizar trámites informáticos dende o seu propio negocio.

O técnico especialista en informática, Javier Conde, explicou aos asistentes cómo podían obter tramitacións, vence-

llados ao seu traballo, a través da Administración electrónica e o funcionamento dos bancos e caixas pola mesma vía. Tamén lles informou o xeito de realizar as súas xestións on line con clientes e provedores, entre outras cousas. Para elo, sinaloulles os portais web importantes que podían empregar como o da Xunta, o de Facenda ou o da Fábrica de moeda e timbre.

Sen embargo, onde máis fincapé fixo o técnico foi na



Javier Conde explicando detalles sobre o internet

teima da sinatura electrónica. Está é unha dos elementos fundamentais no intre de realizar xestións no internet e na sesión os comerciantes coñeceron cómo facela. Respecto á sinatura, *esta é unha das máis seguras que existen no eido*, asegurou lles Conde.

Esta xornada sobre as novas tecnoloxías que acolleu a Asociación de Empresarios Terra de Melide, ASETEM-CCA, estivo organizada pola Federación de Empresarios Autónomos de Galicia en colaboración coa Consellería de Industria e Obra Social de Caixa Galicia.

A súa cuarta edición contou con todo tipo de actividades dende obradoiros artesanais, actuacións musicais ata bailes enxebres

A Festa da IV Foliada ensalzou á Melide como a terra de gaiteiros por excelencia

O folclore e a tradición galega xuntouse na vila para celebrar este eido tan importante da nosa cultura e identidade

Hai catro anos que se está a celebrar esta gran festa creada no 2005 pola Asociación Cultural e Musical *O Castelo*. Dende entón cada edición ten mellor acollida e éxito na afluencia de público, non só da comarca senón tamén doutros lugares da comunidade autónoma, e que están a converter a vila na auténtica capital do folclore galego.

Esta IV Foliada contou coa colaboración do Concello e o patrocinio da Deputación, a Consellería de Cultura e a de Industria. A agrupación *O Castelo* deseñou unha programación do máis variada para que ningún visitante quedará sen o seu oco para gozar desta gran festa dos gaiteiros.

O comenzo da xornada

O día escomenzou co *III seminario sobre palletas e pallóns para a gaita galega*, no edificio do Multiusos. Organizada polo agrupación promotora do evento e a Asociación de gaiteiros Galegos, contou como poñentes con Sito Carracedo e Amado Domingo Cubero. Ámbolos dous son artesáns



Obradoiro da forxa



Os sons das gaitas das agrupacións encheron de música as rúas de Melide

de gran prestixio no mundo da gaita. Mentres que Carracedo salienta como constructor deste instrumento dende hai máis de trinta anos, Cubero distinguse na elaboración e perfeccionamento de palletas.

Estos dous profesionais falan sobre os seus respectivos traballos aos asistentes ao seminario.

O traballo de palleteiro, linguetas das gaitas, é un dos oficios que require un alto grao de especialización xa que tratábase dunha actividade artesanal, difícil e chea de



Os pequenos gozaron dos títeres

segredos que moi poucos consiguen dominar. De feito moitos músicos tradicionais tentan construír as súas propias palletas e pallóns con resultados pouco satisfactorios. Por iso, a través destes seminarios ofreceuse a oportu-

nidade de coñecer mellor a fabricación deste tipo de material.

Ao remate da conferencia comenzo a verdadeira festa da foliada que contaba como sede oficial o Pazo de Congresos da vila. No recinto atopábase unha mostra con trinta expositores se produtos artesanais como talleres de ferreiros, abalorios, esculturas de pedra ou madeira, coiros, licores e unha longa listaxe de máis postos con diferentes produtos adicados a tradición galega. O público tamén podía contemplar, entre os talleres temáticos, obradoiros de xogos populares ou de forxa unha mostra biblio-discográfica da música típica galega ou unha exposición con fotografías sobre o desastre do río Catasol.

Ao mediodía tódolos asistentes tiveron a posibilidade de descansar, para repór os folgos, a través dun xantar que protagonizou un lugar de encontro e convivencia de tódalas xentes de Galicia, unidas polo seu amor ao mundo da gaita e das tradicións.

Actividades e actuacións

Esta IV foliada pensada para a división de tódalas xeracións, programou pola mañá

para os máis pequenos unha representación teatral, *O sapo encantado*, representada pola compañía Títeres tres Gobos. Logo tanto cativos como adultos presenciaron a actuación da Banda de gaitas *Estivada de Calo* e unha mostra de baile tradicional na que bailaron pezas populares do noso folclore a Asociación Cultural *A Meda do Castro*, de Sada.

Polo serán actuou Celso F. Sanmartín que relatou contos e historias típicos da cultura galega e celebrouse un obradoiro de construción artesanal de xoguetes sonoros, dirixido por Luciano Pérez.

publicados e numerosos premios.

A IV foliada despedíuse ata o ano que vén cunha queimada de balde para toda xente que ategaba o Pazo de Congresos.

O prato forte: a marcha dos gaiteiros

As oito da tarde chegou o intre máis agardado de toda a Foliada: a marcha gaitera. Oito agrupacións partiron de distintos puntos do municipio para encher cos sons das súas gaitas tódalas rúas melidenses e crear un efecto sonoro dacordo co ambiente deste festival.

Tanto grupos de Melide



O pazo de Congresos convirteuse nun lugar de festa e lecer

As actuacións musicais contaron cos músicos Tino Baz, na tarde e, pola noite, Pablo Seoane. Tino Baz, cantautor da Guardia (Pontevedra), ofreceu no seu concerto un repertorio de pezas de adaptación populares mesturadas cás verbas de poetas galegos así como un espazo dedicado a composicións propias. Asemesmo emprego como instrumentos musicais para acompañalas a gaita, a guitarra, ou a zanfoña.

Pola súa banda, Pablo Seoane encargouse de pór o broche de ouro á festa deleitando ao público cun concerto de gaita. Este músico compostelán é un dos de máis éxito en Galicia, contando xa con tres discos

como a escola de gaitas *Axoíxere*, *Froito novo*, *Os Melidaos*, *O Castelo* como *A Maristela*, de Sobrado, *Bico de Balouta*, de A Golada, *Charamela*, de Antas de Ulla e *Pao de de Buxo*, de Silleda, unaron as súas cores gaiteras para reunirse todos no Cantón de San Roque, no centro da vila. Dende este lugar marcharon todas xuntas para rematar no Pazo de Congresos onde interpretaron, en conxunto, o Himno do Antigo Reino de Galiza.

Rematada esta gran xuntanza gaitera, tivo lugar o acto do *Serán* no que se recrearon as tardes antigas nas que primaban os encontros entre a xente, a música e o baile.

A Saúde protagoniza o calendario do mes de abril con dúas xornadas internacionais adicadas a está

7 de abril: Día mundial da saúde

Nesta data conmemorouse internacionalmente esta xornada adicada á saúde en xeral. O Concello de Melide quixo engadirse a esta celebración coa campaña *Melide camiña* organizada polas concellerías de Sanidade e deporte.

Mediante esta novidosa iniciativa repartíronse cen chalecos e gorras reflectantes, co lema da campaña, para os veciños que teñen a costume de dar paseos para coidar o seu benestar físico. O reparto de folletos que acollían algunhas das vantaxes de practicar este tipo de exercicio, como a de erguir o estado de ánimo psíquico, resultou ser outra das actividades promovidas polo Concello.

Ao longo de dous días a radio local tamén contou na súa grella con programas temáticos sobre a saúde para lembrar aos melidenses os beneficios

deste hábito de camiñar a cotío. Unha costume de custo cero pero de gran vantaxe para o noso organismo como o de reducir entre un 35% e un 52% o risco de padecer hipertensión. A emisora, ademais, sorteu chalecos e gorras desta campaña entre os seus oíntes para incentivalos a practicar esta costume.

A responsable do departamento municipal de Sanidade, Casé Rodríguez, destacou que con esta campaña *queremos lembrarlle á xente que é doado coidarse, ao tempo que se anima a todas as persoas a facelo dun xeito seguro*.

Pola súa banda, o concelleiro de Deportes, Antonio Varela, manifestou que *non é preciso investir en recursos para empregar o deporte como ferramenta de mellora da nosa saúde porque andar é o deporte máis antigo do mundo*.



O camiñar é un bo exercicio para manter a saúde

Orixe e obxectivos deste Día Mundial da Saúde

O 7 de abril de 1948 nace a OMS, Organización Mundial da Saúde, e como honra á súa creación establece este día como a xornada internacional. O propio organismo define a saúde como un estado completo de benestar físico e mental no que non só se caracteriza pola ausencia de enfermidade senón tamén por un axeitado equilibrio entre as condicións físicas, mentais, culturais e sociais dos seres humanos. Dende entón, hai 60 anos, celébrase este acontecemento para sensibilizar á poboación sobre este eido e xerar actitudes que favorezan a súa conservación.

No ano 2007 as principais causas de mortandade foron a diabetes mellitus, as enfermidades do corazón, os cánceres e os accidentes cerebrovasculares. Por iso aconséllase coidar o sobrepeso, comer san, facer exercicio ou evitar hábitos como o fumar.

11 de abril: Día mundial do Parkinson

Aínda que padecer esta enfermidade non é saúde, con esta conmemoración tamén se tenta dar a coñecer a parte negativa que acarrea carecer dela nalgún ámbito. Neste caso adicábase un día internacional á poboación que conta coa doenza do Parkinson. Esta xornada naceu en 1977 coincidindo coa data de nacemento do doutor James Parkinsón, descubridor da enfermidade, e que veu ao mundo un 11 de abril de 1755.

Qué é o parkinson

Esta doenza é un transtorno neurolóxico, crónico e

dexenerativo que afecta ao sistema central nervoso.

Esta patoloxía provoca síntomas como tremor, rixidez muscular, lentitude nos movementos, e por tanto, problemas de equilibrio e coordinación.

Sen embargo, aínda que estes son os signos xerais da doenza, conta con outros de carácter secundario como a depresión ou o deterioro cognitivo, é dicir, demencias.

En España máis do 10 por cento da poboación, unhas 100.000 persoas, padecen parkinson. Deles a maioría son xente de idade avanzada aínda que existen casos nos

que a doenza se presenta aos 40 anos e, estrañamente, en xóvenes.

O 85% dos casos teñen causa descoñecida e un 10 por cento considéranse por herdanza. Causas ambientais ou hábitos tóxicos representan un 2 % da aparición desta doenza.

Necesidade de integración social

A torpeza que causa nos movementos e o desequilibrio no andar para facer as tarefas habituais do afectado de parkinson fai que estas persoas precisen da axuda do seu entorno familiar para desenvolver a súa vida cotiá.

Os enfermos con este transtorno neurolóxico non só ven modificado o seu contorno sanitario senón que tamén e,

de xeito moi importante, ven afectadas as súas relacións sociais. Moitos deles sofren en ocasións o rexeitamento da sociedade debido a que algúns cidadáns chegan a confundir esta enfermidade con outras, como o alcolismo o drogadicción.

Tratamento e avances

Os signos da doenza trátanse con medicamentos que son dos máis eficaces dentre todas as outras enfermidades neurodexenerativas que existen. Tamén a cirurxía pode axudar a estes doentes a diminuír os seus problemas de movemento. Aínda que na actualidade o parkinson é incurable, os expertos mundiais están a facer grandes avances nesta enfermidade coa creación de novos fármacos.

O ciclo Cinema dixital chegou ao centro da vila

Os xardíns do Cantón de San Roque convíronse, nas noites dos sábados de abril, en improvisadas salas de cine para a proxección dun ciclo de producións audiovisuais galegas promovido pola Consellería de Cultura. Esta iniciativa, chamada *Cinemas Dixitais*, xa escomenzará no municipio o seu periplo proxeccionando os films nos centros sociais do rural os domingos de marzo.

Algunhas das películas de creación galega que se poderon ver no centro da vila foron as *Encrobas*, *Cidade predida* ou *Mundo bazar*, entre outras. A concelleira de cultura, Conchi Castro, destacou que esta é *unha oportunidade para que Melide teña acceso ó audiovisual dixital ao aire libre*.

Convocouse un certame de debuxo con motivo da Festa do Melindre de maio

O Concello de Melide convocou un concurso de debuxo infantil có gallo da décimo sétima edición da Festa do Melindre que se celebrará en maio.

O certame estivo dirixido aos escolares da comarca cunha idade que abrangaba dende os 3 e os 14 anos. A temática na que se baseaba esta iniciativa xiraba en torno á repostería tradicional de Melide. Deste xeito, os ricos, os amendoados e os melindres transformáronse nos protagonistas deste certame enmarcado dentro dos actos previstos para celebrar esta festa tan tradicional no noso municipio. Os escolares tiveron como prazo para presentar as súas obras, na biblioteca municipal, ata o 30 de abril.


Das catro categorías que contaba o concurso, o gañador de cada unha delas recibiu como premio unha consola de videoxogos.

O IES acolle todo un ano adicado ao marabilloso mundo da lectura con actividades dirixidas ao alumnado

A biblioteca do Instituto de Melide está a realizar, ao longo de todo o 2008, unha serie de iniciativas para achegar o universo dos libros aos escolares

O IES está a desenvolver, dende principios do ano e ata o seu remate, numerosas actividades para que os seus pupilos coñezan o interesante eido da lectura en tódolos seus campos. A biblioteca do centro é a encargada da organización deste proxecto de formación e dinamización da lectura, e que conta con achegas da Consellería de Cultura. A finalidade desta iniciativa é consolidar a futuros lectores máis alá de ler o s libros obrigatorios academicamente.

Unha das primeiras actividades que acolleu este departamento foi a realización do programa *Formación de usuarios* no que os máis pequenos aprenderon cómo atopar un libro a través da súa sinatura. Esta última é a etiqueta que figura nos lomos das obras coas súas identificacións. Para comprobar a aprendizaxe desta tarefa, os rapaces realizaron logo un exame onde tiñan que buscar eles unha serie de libros mediante o etiquetado.



Alumnos no taller de catalogación bibliotecaria



Libros escritos por mulleres

Os alumnos de cursos superiores tamén participaron neste apartado a través dun taller de catalogación no que se lles explicou cómo introducir no ordeador a clasificación dos libros coa introducción de datos como o título, autor, editorial e a materia a que pertencían. Có gallo do Día da Muller, en marzo, tódolos docentes e alumnos aportaron o seu gran de area expoñendo nun tabolei-

ro varios poemas ou letras de cancións adicados ao colectivo feminino en caseque tódolos idiomas. A comunidade educativa aproveitou que este ano é o Internacional das Linguas para empregar nesta ocasión traballos en castelán galego, inglés, francés, portugués, latín ou grego. Ademais nesta xornada un stand, ubicado no corredor da pranta baixa, amosou durante varios días unha escolma de libros escritos por mulleres.



Mostra de cómics no corredor



A actividade de animación á lectura coa contacontos Fusa Guillén

Dende a biblioteca tamén se elaborou un Cine-forum que esta a proxectar obras da literatura feminina versionadas no cine como *Orgullo e perxuizo* da escritora británica do século XIX, Jane Austen. O Clube do lector é outro novidoso proxecto, formado por dez docentes e escolares de BAC, no que se efectúan xuntanzas periódicas para comentar ou intercambiar opinións sobre as obras lidas. Outra das funcións deste clube é a axuda os profesores ao alumnado de cómo mercar os libros máis axeitados as súas idades.

Achegas de Cultura

Respecto as iniciativas que contan coa subvencións da Consellería de Cultura a primeira en levarse a cabo foi a exposición de cómics, *A banda avanza*, nos corredores de IES. A mostra recollía pezas de 12 debuxantes galegos como Pepe Carreira, David Rubín ou Manuel&Chinto.

Outra achega do departamento autonómico da Xunta, está des-

tinada a actividades de animación á lectura. Así no mes de abril os alumnos do IES poderon gozar da contacontos, Fusa Guillén, e o seu relato *Palabras viaxeiras*. Neste eido hai máis iniciativas programadas para setembro como *Contos chegados doutro lugar*, con Mario Tomas, e en outubro *Lecturas dramatizadas* nas que haberá recitación contacontos e teatro a cargo de Vilano producións.

A gran novidade: un blog

Na última semana de marzo, a Biblioteca do IES abreu un blog na súa páxina de internet, *Biblomelide*. A súa finalidade é canalizar tódalas actividades que abrangen o mundo dos libros para divulgar e compartir as experiencias do fascinante mundo da lectura. No blog, que aínda se completará máis, hai ligazóns de gran interese con outras bibliotecas virtuais mediante enlaces como *Audiolibros onde* podesen escoitar as lecturas de obras literarias.

Melide celebrou o Día do Libro cunha programación dirixida aos escolares da vila

O Concello elaborou distintas actividades de cara ao colectivo escolar para honrar o día 23 de abril adicado ao libro. A biblioteca Municipal foi o lugar elixido para desenvolver a programación, elaborada pola concellería de Cultura, para fomentar a lectura e que se desenvolveu en tres xornadas.

Os primeiros escolares en acudir á biblioteca foron os alumnos do Colexio número 1. Nenos de 1º, 2º e 3º de primaria asistiron á repre-



Yolanda Castaño na biblioteca

sentación da obra *Os libros Contentos*, da compañía Títeres Cachirulo.

Os alumnos dos últimos

niveis do CEIP vello e do colexio nº 2, Martagona, visitaron outro día o recinto para asistir a un encontro-obra coa autora, Antía Otero, recoñecida poetisa e que forma parte da directiva da Asociación de Escritores Lingua Galega.

A biblioteca acolleu na última xornada aos escolares do Colexio Nº 3, Pastor Barral, na que a protagonista era a poetisa compostelá Yolanda Castaño. A poeta representou en verso a súa obra *O vermiño Punki* para os alumnos dos tres primeiros cursos para logo dirixir un obradoiro sobre poesía no que participou o alumnado dos últimos cursos.

Día do libro e do dereito de autor

O 23 de abril é unha xornada para conmemorar, a nivel internacional, o mundo dos libros e os dereitos dos seus autores. Este día foi declarado pola UNESCO para potenciar a lectura, a industria editorial e a protección da propiedade intelectual. Naceu no ano 1996 e a data da súa celebración foi escollida pola coincidencia de que nese mesmo día, no 1616, faleceron tres dos escritores máis importantes da literatura universal: Miguel de Cervantes, William Shakespeare e o autor inca Garcilaso de la Vega. Aínda que en realidade Shakespeare e Cervantes non finaron o mesmo día xa que a data da morte do escritor británico corresponde ao calendario xuliano, que sería un 3 de maio do calendario gregoriano de Cervantes, que morreu o 22 sendo enterrado o 23.

Tamén o 23 de abril naceron ou desapareceron outros ilustres escritores como Maurice Druon (francés), K. Laness, (irlandesa), Manuel Mejía Vallejo (colombiano) ou o español Josep Pla, entre outros. Ademais esta xornada tan simbólica e aproveitada para o galardón do Premio Cervantes, máximo recoñecemento literario aos autores hispanos, é cuido premio é entregado polo Rey en Madrid.

O centro adicou unha semana ao país para achegar aos alumnos a unha cultura diferente

Unha fiesta aberta para coñecer Lituania dende o Instituto melidense

A Lituana, Jolanta Karaliute, docente este ano no IES, realizou para a ocasión diversas actividades

O edificio do IES convertíuse durante toda unha semana nun recuncho xeográfico que albergou ao país de Lituania como principal eixe das súas actividades. A vida deste estado europeo puido ser coñecida polo alumnado do centro escolar en gran parte grazas a presenza da docente lituana, Jolanta Karaliute. Esta profesora está, durante todo este ano académico, como asistente de lingua inglesa a través do programa educativo Comenius da UE.

A semana de iniciativas adicada a este país inaugurouse con varias charlas inglesas, impartidas por Karaliute, na que os escolares poideron coñecer de preto cuestións reais sobre Lituania que en moitos lugares están mitificadas. Cal é a súa situación xeográfica, a lingua oficial, o seu clima ou a súa moeda foron algúns dos feitos



A profesora lituana impartiu varias charlas sobre a súa terra

que a profesora lituana encargouse de ensinar aos alumnos. Durante os cinco días que durou este evento estivo instalado na entrada principal un stand informativo con material turístico, libros, música ou curiosidades deste país. Os corredores do instituto vistíronse de diferentes paneis que convidaban a saber de temas vencellados a Lituania como a súa economía, tradicións, sociedade, cultura ou deportes. Tampouco faltaron a proxección de documentais no hall do instituto e a edición dun CD con contos tradicionais

lituanos por parte da radio escolar.

Nesta semana de Lituania, organizada polo departamento de inglés, o profesorado tamén participou impartíndose nalgunhas das áreas educativas nocións sobre o país.

A chegada de Jolanta Karaliute transcende máis alo desta iniciativa xa que con ela moito dos docentes do IES están a participar en clases de iniciación ao seu idioma e algúns dos alumnos, mediante o programa *E-twinning*, manteñen polo chat conversas con escolares de Lituania.



No stand do hall había todo tipo de información arredor do país

Coñecendo un pouco máis deste país europeo

Situación xeográfica. A república de Lituania é un país situado no norte de Europa. Ubícase xunto ao mar Báltico, polo oeste, limitando ao norte con Letonia, ao Este con Bielorrusia e ao suroeste con Polonia.

Independizouse da URSS no ano 1991 e a súa capital é Vilna, cidade que se atopa ao carón do río que leva o mesmo nome.

Sociedade. Lituania é o maior estado e máis poboado dos países bálticos. Un 80% da poboación é lituana sendo o resto polaca ou rusa. O idioma oficial é o lituano, unha lingua báltica vencellada ao letón e a

súa moeda son as litas. A súa relixión é principalmente a católica. O seu clima resulta continental e a ave máis típica é a cigüeña. Como deporte nacional destaca o baloncesto contando con moitos xogadores na NBA.

Cultura tradicional. País rico en xéneros como as lendas, proverbios, contos ou cancións, tendo destas últimas unhas 600.000. O canto coral é moi importante en Lituania. Unha das súas festas máis tradicionais é o Festival da canción nacional, que se celebra cada cinco anos, no que se xuntan corais, cantantes e bailaríns. Tamén o Festival de Skamba, nas rúas da capital, na última semana de maio, resulta cada vez máis popular.

Os alumnos do IES participantes na I liga de debate deixaron o listón moi alto na competición

Nadie lles pode negar a este grupo, formado por cinco alumnos de 2º de BAC, que a súa curta idade son uns auténticos expertos na arte da oratoria. Aínda que só chegaron as semifinais poideron acadar ser os campións si a sorte non xogara na súa contra na penúltimafase.

A I liga de debate, organizada pola Dirección Xeral de Xuventude, celebrouse durante tres días no Multiusos Fontes do Sar, en Santiago de Compostela. O recinto albergou preto de 120 estudantes de bacharelato procedentes de vintetres centros educativos de toda Galicia. O seu obxectivo era fomentar entres os alumnos galegos os debates de competi-

ción mediante enfrontamentos dialécticos entre dous equipos, de cinco persoas, onde un defendía os pros e outros os contras da cuestión: *¿Debe primar a seguridade pública fronte as liberdades individuais?*. Cada grupo ía acompañado dun capitán, docente do seu centro, que non participaba exercendo só as funcións de entrenador ou asesor.

A postura de defender ou de refractar sorteabáse un minuto antes do comezo das catro fases das que constaba a iniciativa e os resultados delas eran puntuandas por xuíces.

Manuel Míguez, Uxía Fuciños, Sandra Rodríguez, David Andrade e Lidia Barreiro foron os estudantes de



De esquerda a dereita, Manuel Míguez, Sandra Rodríguez, Lidia Barreiro e Iria Fuciños

2º de BAC polos que o instituto de Melide apostou como o seu *cabalo gañador*.

Na primeira xornada, o IES melidense enfrontouse contra o Colexio Escravas do Sagrado Corazón de A Coruña e o das Carmelitas de Vigo, en ámbolos dous encontros o equipo da vila resultou vencedor, acadando ademais ser o grupo dentre todos con máis puntuación nesta fase preeliminar.

O segundo día en, cuartos de

final, tocoulles o turno de practicar a súa oratoria co Instituto Rosalía de Castro, de Santiago de Compostela, aos que tamén derrotaron pasando así as semifinais.

O último día disputouse esta fase pero a diosa fortuna non quixo acompañar ao equipo melidense que foi derrotado polo IES de Becerreá tras un empate técnico que tivo que dirimir unha xuíza.

Esta derrota é calificada de

inxusta polos alumnos do IES de Melide xa que *no debate primaba a improvisación e veíase que os outros levaban todo estudado e preparado*, afirma Iria Fuciños. A linguaxe non verbal, é dicir, o movemento no escenario tamén se valoraba positivamente polo xurado e *os do centro de Becerreá quedaron parados diante dos microfons e nós mantivemos a nosa dialéctica con xestos de expresión*, asegura Sandra Rodríguez

Tódolos afeccionados a este deporte agardan con ilusión este cita anual dende que se creou no 2006

O III Campionato de Pesca de Terra de Melide, todo un éxito na captura da troitas a pesares da choiva

A terceira edición do Campionato de Pesca, organizado pola Asociación de Troiteros Río de Furelos, resultou ser todo un éxito aínda que neste ano só se contaba con 15 permisos para este coto, a pesares de que había 60 persoas inscritas.

O concurso iniciouse as 9:00 horas d mañá e os quince participantes poideron amosar a súa habilidade na pesca nun tramo de 600 metros reservado para cadaún deles e debidamente sinalizado. A captura dos peixes foi con culleriña, mosca afogada e ninfa xa que o cebo natural non estaba permitido legalmente. Nesta xornada de pesca primou o lecer e todos, concursantes e organización, desenrolaron as tarefas de xuíces e acompañantes.

Ao finalizar o campionato, tódolos pescadores xuntáronse na parroquia de Furelos, lugar emblemático para os troiteros xa que este lugar atopáse ao carón da antiga ponte romana pola que trascorren as augas do cauce fluvial que da nome á



O campión, Jorge Pazo, terceiro pola esquerda, xunto con outros afortunados

asociación.

Alí o presidente do colectivo Río Furelos, Xavier Pazo, mediu e contou as troitas pescadas por cada participante.

O total de pezas superou ás da edición anterior do 2007 sendo nesta ocasión un total de 122. Un gran número de capturas *a pesares de que o cauce levava moita auga por mor da choiva*, asegurou Pazo. Esta situación provocaba que houbera máis dificultade no intre de pescar porque as troitas atopábanse no

fondo fluvial.

Rematado o evento deportivo celebrouse un xantar no que se repartiron os premios que consistieron en material deportivo do eido e trofeos cun valor superior aos 2.000 euros. Os gañadores foron Diego González Lirio, segundo, Jesús Rouco Varela, terceiro, é o gran campión deste ano, Jorge Pazo Sánchez. Este último recibiu, ademais como premio, unha peza da ponte romana, a escala, e elaborada artesanalmente para a ocasión.



Diego González pescou a troita de maior tamaño



O presidente de Río Furelos contou e mediu as pezas

Marcha cicloturística para os amantes da bicicleta en Toques

O Departamento de Deportes do Concello de Toques puxo en marcha unha iniciativa para que a xente afeccionada a mundo do ciclismo poida gozar de percorridos en grupo, ao tempo que pasa uns momentos de lecer.

Baixo a dirección do técnico municipal de deportes, Mauro Noguero Urrutia, un grupo de veciños do municipio partiron da casa do Concello para iniciar unha marcha de preto de dez kilometros. Noguero encabezaba o pelotón para indicar os ciclistas cando torcer ou facer freadas, *todo elo para*

ensinar orientación vial a hora de camiñar en bicicleta que é fundamental, asegura o técnico de deportes.

Preto de dez quilómetros, a través das belas paisaxes do



Os ciclistas partiron do Concello pra face un percorrido de 10 Km



O circuito de destreza tivo unha moi boa acollida entre os ciclistas

municipio, realizaron este equipo de afeccionados. Mauro Noguero destaca que *os percorridos deseñanse de xeito que non constituían un grande dificultade ou esforzo físico xa que o que prima nesta actividade é pasar unha mañá de ocio en grupo*.

Circuíto de Habilidade

A súa chegada de novo o cen-

tro de Toques, os afeccionados participaron nun circuíto de habilidades no antigo patio do colexio vello. Trazado previamente polo técnico de deportes, os participantes gozaron da arte do manexo das súas bicicletas sorteando diferentes obstáculos.

Deste xeito, os veciños poideron tamén aprender a conducir de xeito máis seguro no intre de emprender os seus traxectos en solitario. *Saber realizar xiros en espazos reducidos, zig-zags, oitos ou freadas en seco é esencial no eido do ciclismo*, advirte Noguero. Esta iniciativa vai ter continuidade e na mesma poden participar tanto xente da localidade como os afeccionados a este deporte que proveñan doutros municipios.

O Kick boxing acada máis medallas levando a Melide á élite deste deporte

O kick boxing melidense está a converterse no deporte en equipo que máis está a trinufar da vila fora das nosas fronteiras. A nivel nacional a Escola Ayude xa goza dun gran recoñecemento convertíndose nos nosos mellores embaixadores, por excelencia, do mundo deportivo de Melide. O nome do municipio non lle soa de xeito indiferente a ninguén dos practicantes e expertos neste eido en tódolos recunchos da xeografía de España. Saben que Melide é sinónimo de triunfo.

As seis medallas acadadas no campionato Nacional, en formas e semi contact, hai dous meses, engadíronse novos galardóns para os alumnos da Escola Ayude, a finais de marzo.

Esta vez tocáballe o turno a modalidade de Light contact e o tatami da competición nacional quedouse pequeno para os competidores melidenses que representan a selección galega, onde participan distintos clubes da Comunidade autónoma. Sen embargo, de todos eles, o colectivo melidense foi o que máis encheu o medalleiro.

ro. Sete dos seus alumnos subiron ao podium, dos 21 galegos que participaban, para recolleitar a recompensa á súa arte e esforzo neste deporte.

En total sete medallas, un ouro para Bruno Agra García (categoría 11-13 anos), dúas pratas para Aaron López Pallas (de 8 a 10 anos) e Gonzalo Paredes Bruzos (14-16 anos) e catro bronce por parte de Cora López Pallas e Pedro López Costa, no tramo de idade de 11 a 13, e José Conde Sánchez máis Adolfo Prieto López na categoría absoluta de máis de 17 anos.

Os máis pequenos deste clube posúen un mérito que nadie lles pode negar porque as súas curtas idades están a ser dos que máis galardóns consiguen para a selección galega. E como exemplo temos a Aaron Pallas López que foi o único galego que acadou unha medalla na categoría de menor idade, na que a Federación Española permite competir.

O Kick boxing

Este deporte caracterízase por rescatar moitas das técnicas empregadas nas artes marciais

básicas, o karate e o taekwondo, e o boxeo tradicional. Nel combinábase patadas e golpes puños poidendo practicalo tódolos sexos e de todas as idades. Neste eido o contacto físico é moi importante xa que se basea en movementos de ataque e defensa persoal entre dous contricantes. As súas modalidades de competición son formas, semi contact, light contact e full contact, esta última xa só para xente adulta.

O kick boxing non supón ningún perigo para a persoa xa que está totalmente regulamentado e prohibese petar con antebrazos, codos, xeonllos ou cabeza, así como empuxar ou bater ás costas ou debaixo da cintura. Ademais aporta beneficios mentais porque o saber pelexar, protexerse dos golpes e estar atento proporciona unha grande seguridade e confianza nun mesmo, ademais de alzar a autoestima e aprender a acanalizar a agresividade.

En canto as vantaxes físicas contribúe a pór o corpo en forma xa que se consume moita enerxía. Outros beneficios son que incrementa a forza,



A selección galega de kick boxing no Campionato de España

a resistencia cardiopulmonar, mellora a coordinación e a velocidade de reacción, ademais de ensinar movementos precisos de autodefensa.

Escola Ayude

Este clube de Kick boxing creouse no ano 2007 por iniciativa de José López Ayude, o adestrador que está a formar esta élite de campións.

José López Ayude, natural de Visantón, xa amosou dende a súa nenez unha grande paixón polo deporte competitivo no xeral, practicando hóckey sobre patíns, de herba ou participando en outros como a natación ou o baloncesto.

Ata que un día decidiu probar coa artes marciais e nunca máis o deixou, perfeccionándose no Kick boxing. Criado na cidade de Coruña, cando voltou para Melide decidiu montar o seu propio ximnasio, o F.K.gym, para formar a alumnos e incluso preparar a

profesores, competidores ou adestradores para exames oficiais

Colaboración do Concello

Ademais de recibir unha homenaxe na Casa Consistorial polo anterior campionato, o



Xuntanza no Pavillón

Concello está a colaborar coa Escola Ayude en distintas iniciativas. Unha delas foi na xuntanza dos antigos alumnos do clube no polideportivo municipal e a que asistiron preto de 40 persoas de toda Galicia. No encontro amosáronse noções básicas de defensa persoal para aprender a afrontar situacións de agresións. Na mostra realizáronse técnicas, directas e sinxelas, como inmovilizacións, agares, contraataques ou bloqueos

Xaque mate : a competición do xadrez chega aos alumnos do colexio público do Concello de Toques

Dende hai máis dun mes o CEIP do municipio incorporou unha nova actividade entre os seus alumnos: as clases de xadrez.

A iniciativa xurdiu dende o departamento de cultura, dirixido polo concelleiro, Jorge Calvo, e o Concello coa finalidade de que os escolares de 4º, 5º e 6º de primaria se familiaricen con este deporte de estratexia. Esta actividade celébrase no transcurso dos recreos e nos días de choiva é todo un nentemento, ao carecer o colexio de patio de patio de recreo.

O concello donou varios equipamentos da xadrez ao centro e a docente, María



Alumnos do colexio de Toques xogando ao xadrez

José Orosa, encargouse de introducir aos nenos nos entresijos deste xogo. Pouco tempo tardaron os alumnos en aprender aínda que recoñecen que *os movementos de cada peza costounos coñecelos*.

A estas alturas xa son uns auténticos xadrezistas e moi-

tos deles practican este deporte, incluso, fora do horario escolar.

Tanto éxito tivo esta actividade que os alumnos de Toques ata están a elaborar os seus propios xogos con figuras de plastilina e debuxando o taboleiro en papel, durante a clase de plástica, para logo poder

levalos para os seus fogares.

A mellor idade para aprender o xadrez

O grandes xadrecistas da historia aprenderon este eido dende a súa infancia. E é que un neno é capaz de aprender os movementos das pezas e posteriormente aplicalos noutros ámbitos da súa vida. Ao ser un xogo de estratexia desenrola máis axiña as súas cualidades de desenvolvemento mental, como actividade singular, e axuda a formar a súa personalidade e carácter, como deporte de competición. Outros dos beneficios que aporta está arte é a de madurar máis cedo xa que no xadrez prima a reflexión no intre de xogar.

**Anunciate
no Cerne
Terra de
Melide, o
xornal da
comarca**

**Informate das
nosas tarifas**

**Chama ao
981.506.188
e infórmate sen
compromiso**

O equipo azul rematou a súa brillante tempada cunha choiva de goles no encontro contra o Visantón

O CIRE Melide proclamábase campión e ascende á categoría de segunda autonómica

A vila convertíuse nunha gran festa para homenaxear aos membros do equipo que acadaron esta fazaña histórica para o fútbol melidense

Dende que comenzaron a tempada 2007/08, o CIRE de Melide xa partía có obxectivo de deixar tódolos seus folgos na competición para rematar no máis alto da táboa do grupo 4º na categoría de terceira autonómica.

O resultado da súa traxectoria, este ano, non puido saldarse con mellores resultados: de 30 partidos disputados gañou 23, empatou catro e só coñeceu a derrota en tres ocasións. Aínda que neste camiño cara o triunfo absoluto atopouse cunha espiña que lle ía a zaga, o S.D. Ponte Carreira. Equipo, que aínda que liderou a táboa durante algunhas xornadas, nada puido facer porque os azuis de Melide rematarán como os verdadeiros campións na súa categoría e acadarán así o seu ascenso á segunda.



Os campións posan coa copa do triunfo. Foto CIRE

Na última xornada da liga deste ano, o CIRE enfrontábase contra o Visantón, de Mesía, no seu feudo. Soamente necesitaba a victoria, sen depender dos resultados de ningún outro equipo, para incorporarse a categoría de 2ª autonómica. O campo municipal encheuse de xente para ver de preto ao seu clube e compartir co novo campión o resultado final có que se saldou o partido: 6-0, unha ampla goleada para un equipo aínda máis grande. Os protagonistas destes tantos foron os xogadores: Mark, Cordido, Miki (2), Jechu e Suso Pampín. Pero non podemos esquecer a un dos grandes artífices desta



Melide foi toda unha festa. Foto CIRE



O campo municipal encheuse de afeccionados para animar ao CIRE

fazaña histórica do fútbol melidense, o adestrador do CIRE, Matos.

A gran festa do triunfo

Ao rematar o encontro, a festa desatouse, primeiro no feudo azul, e logo por tódolos recunhos de Melide. Nos vestiarios, do campo municipal, os xogadores lle deron un baño de

ducha ao seu adestrador. Mentres os afeccionados aclamaban porque o seu equipo saíra ao céspede, como así o fixo. Xa na vila a choiva de champán caeu incesantemente ao paso do equipo pola rúa. Tampouco faltaron os sons dos fogos que indicaban que Melide tiña todo un campión: o CIRE

O Atlético de Melide remata o ano cun saldo moi positivo

O atlético de Melide finalizou a tempada cun resultado moi favorable en tódolos seus equipos, si temos en conta que este foi o primeiro ano que voltou a competición logo de anos de parón.

A modalidade de alevín acadou un terceiro posto na súa clasificación. Algo salientable para os seus xogadores, que a súa curta idade, xa son todos uns profesionais deste deporte.

Os xuvenís colocáronse quintos na táboa e, ademais, clasificouse para xogar a fase de ascenso á liga galega. Pola súa banda, os senior están a xogar na Copa do Sar pasando as eliminatorias.

Pero o equipo que máis deu que falar esta tempada foi o feminino. Estas xogadoras, aínda que ocuparon o oitavo posto, resultaron a grande relevación dos colchoneiros xa que as mozas endexámais xogaran ao fútbol e amosaron ser unhas profesionais. Ata acadaron xogar a Copa de Santiago aínda que no encontro de ida có Ciudad Santiago non lles acompañou a sorte e perderon.



O CF Toques clausura a liga cun meritorio 4º posto na clasificación

O fútbol da comarca está a deixar o listón moi alto neste deporte. O CF Toques rematou a liga como cuarto clasificado na táboa de terceira autonómica. Feito moi valioso si temos en conta que é só o seu segundo ano xogando como equipo federado.

O último partido dos toqueses tivo lugar na casa do equipo contra un San Estevo con pouco desenrolo de xogo no

campo. O encontro saldouse cun marcador favorable ao C.F. Toques de 4 a 0 grazas aos tantos marcados por Espomasa, Carril e Bareto. Este último encaixou dous goles dos cales, o último foi de penalti. Pero, aínda que rematou a liga, a tempada 07/08 continúa para o clube toquense xa que a mediados de maio, o día 18, comenza na competición da Copa Coruña.

A liga local de fútbol sala de toques xa ten un campión que disputará o XI Torneo Municipal en Lousame

O Pavillón municipal de Toques acolleu a final da liga local de fútbol sala que enfrontou aos equipos de *Café bar Manolo* (Arzúa) e o *Medicampo* de Melide.

O encontro saldouse cun 4-0 a favos dos arzúanos. Rematado o partido procedeuse a entrega de diferentes trofeos: o de máximo goleador para o xogador *Popitas* e o de porteiro con menos marcaxe na súa portería, que recaeu en *Marcos*.

Pero o premio máis agardado era o de *xogo limpo*, que premiaba ao equipo con menos erros regulamentarios e á deportividade. Este galardón foi para o *Café Bar Manolo*. Esta prantilla de xogadores arzúanos foi o gran



Moita xente non quixo perderse a final no pavillón toquense

triumfador, por excelencia de toda a liguina. Gañaron tódolos encontros *in victo* sen coñecer a derrota e, ademais, o mellor goleador e porteiro tamén pretenen a este clube.

O trancurso da liga

A liga local de fútbol sala do Concello de Toques comenzou en xaneiro e nela podían participar tódolos equipos da comarca que o desexarían. Nove equipos,


representando aos municipios de Melide, Santiso, Toques, e Arzúa, disputaron os seus encontros ao longo de catro meses, tódolos venres no Polideportivo toquense. O café bar Manolo, como representante de Toques, e gañador da liga disputará o XI Torneo Municipal, en Lousame, onde xogarán todos os vencedores das diferentes liguinas locais o 31 maio e 1 xuño

Lembranza de D. Xosé María Álvarez Blazquez dende Melide

XOSÉ DOMINGO FUCIÑOS

O 17 de Maio -2008, á porta da esquina, celebrábase o DÍA DAS LETRAS GALEGAS-08, adicado este ano, pola Academia Galega, a D. XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLAZQUEZ (investigador, erudito, home de letras, e tamén, editor moi importante na Galiza, a través das editoriais *MONTERREI* e *CAS- TRELOS*).

Nace en Tui no 1915 e falece en Vigo no 1985. Fillo de D. Darío Álvarez Limeses, médico natural de Pontevedra (fusilado inxustamente como tódos os demócratas no 1936). D. Xosé María Álvarez Blazquez casa con María Luisa Caccamo Frieben e teñen seis fillos. Foi mestre represaliado (des- terrado en Coreses, Zamora). Membro da Academia Galega, cronista oficial de



D. Xosé María Blazquez. Arquivo dos irmáns Fuciños - Gómez

Vigo, e escritor prolífico con obras tan importantes como a súa *ESCOLMA DE POESÍA MEDIEVAL I E II*, poemario *CANLE SEGREDO* e *POE- MAS DE TÍ E MÍN* e de moi- tas obras máis.

Iste traballo divulgador da súa semblanza non é o que quero destacar deste home bo e xeneroso que xa están traballos de escritores, inves- tigadores, xornalistas, en libros e retallos de prensa,

senón a súa faceta human e comprometida con Galiza, en tempos difíceis.

A principios do ano 1972, un fato de mozos, de Melide, a través do *CENTRO C.I.R.E.*, fixemos unha cuestación popular, pola vila de Melide, para crear unha biblioteca de libros en galego e outros que tratan sobre Galiza.

Conseguíronse 10.000 pesetas (1972) e mercamos dous- centos libros, máis da metade desaparecidos.

O día 24 de marzo de 1972, Xosé Inacio Parrado, e un servidor, marchamos a Vigo no *CAROLINO* (un Renault 4L), dos Parrados, para mer- car libros na librería *CAS- TRELOS* (da propiedade de D Xosé María) por valor de 1.396,50 pts, sendo coarenta e tres libros.

Ao remate de pagar afactura

(que conservamos) levounos á transtenda, falounos de Galiza, da importancia da cultura galega e regalounos un libro moi bo *SANTA MARTA DE MOREIRAS* de D. Xosé Ramón FDEZ. OXEA (BEN-CHO-SHEI), que ten rúa en Melide, que é como noso *TERRA DE MELIDE* (en pequeno) xa que é o estudo dunha sola parroquia da provincia de Ourense.

Toda ista actividade na librei- ria *CASTRELOS*, tendo como testemuña ao amigo e gran escritor Darío Xhoán Cabana. Rematamo-la a operación, na taberna *ARMANDO*, que estaba ao carón, e que tiña un viño do Condado, que ardía nun candil.

Saude, temos a D Xosé María Álvarez Blazquez *LETRAS GALEGAS-2008*

Imaxes de máis aló da nosa terra



Fermosa vista da Praiade Melide á beira das illas Cies (Cangas do Morrazo- Pontevedra)

Arquivo dos irmáns Fuciños-Gómez
(Casa de Pita)

Lembranzas



Ramona do forno, Carlos do Avenida e Lino, en Santa Uxia (Toques)

A señora Ramona foi unha menciñeira moi importante na terra de Melide. Foi gravada pola TVE fai vintedous anos para o programa *Duna Móvil* de Manuel Garrido (direc- tor que foi de *Raíces*)

Arquivo Carlos do Avenida

Recuncho para a reflexión

Cando sexa ancián, enténdeme

DANIEL ROIBÁS

Este é o recanto para deterse a ver a vida a través de contos que convidan a contemplar a alma da nosa existencia

Amado fillo:

O día que me vexas maior e nos sexa a mesma: por favor, ten paciencia e enténdeme. Cando sen querer e verta a comida sobre a miña blusa e esqueza cómo atarme os meus zapatos; lembra as horas que eu mesma pasei ensinándote a facer as mesmas cousas.

Si falas connigo, e vés que repito e repito as mesmas verbas das historias que xa che contei mil veces, e sabes dabondo cómo rematan, non me interrompas e escoitáme. Cando ti eras un meniño, para que te durmires, tiven que contarche centos de veces o mesmo conto ata que pechabas os teus ollíños.

Cando estemos xuntos e sen quere-lo, non poida conter as

miñas necesidades, non teñas vergoña e comprende que eu non teño a culpa delo, pois xa non poido controlalas. Pensa en cantas veces sendo neno axudeiche e estive pacientemente ao teu carón agardando a que remataras o que estabas a facer.

Non me riñas porque non queira bañarme xa son moitos anos e custame. Lembra os intres nos que te perseguín e os mil pretextos que che inventaba para que o teu aseo fora divertido e máis agradable.

Cando me vexas inútil fronte a todas as cousas das tecnoloxías, tan novas para mín e que endexamais chegare a entender, pregoche que me concedas todo o tempo que sexa necesario e non me

firas cun sorriso burlón.

Acordate de que fun eu quen te ensinou tantas cousas durante a túa nenez. Comer, vestirse e cómo afrontar a vida tan ben como o fas agora de adulto. Foron e son produto do meu amor cara a tí, do esforzo e da perseverancia.

Cando nalgún intre, mentres mantemos unha conversa, dame todo o tempo dabondo ata que eu lembre xa sabes que as cousas ás veces esquense. E si non podo lembrar non te inquietes; tal vez, non era importante o que falaba e o único que desexaba era estar contigo e compartir ese momento.

Si nalgunha ocasión non quero comer, non me insistas aínda sei canto poido e cando non debo. Tamén tes que comprender que cótempo, xa non teño dentes para morder coma antes, nin gusto para saborear.

Cando as miñas pernas fallen por estar cansa de andar



tanto por esta vida, dame a túa man con agarrimo para apoiarme, como eu o fixen cando ti comenzaches a camiñar coas túas pequenas e débiles perniñas.

Por último, cando algún día me oías dicir que xa non teño demasiados folgos para seguir vivindo, non te eno-xes. Algún día entenderás que isto non ten que ver co meu agarrimo por tí ou de canto te amo.

Trata de comprender a diferenza entre vivir e estar sobrevivindo porque o corazón aínda latexa.

Fillo, quixen e quero o mellor para tí e preparei con amor os camiños que debías percorrer neste mundo.

Pensa, entón, que con que

este paso que me adianto a dar, estarei a construír outra andaina para tí, noutro tempo, sempre estarei contigo.

Non te sintas triste, enoxado ou impotente por verme así, os anos deixaronme as súas pegadas. Dende o teu corazón comprendeme e apoiame como eu o fixen cando ti escomenzabas a vivir.

Do mesmo xeito como eu te acompañei no teu sendeiro, pregoche que me acompañes a transitar neste último tramo do meu. Dame amor e paciencia, que chos voltarei con gratitude e sorrisos có inmemnso amor que sempre tiven por tí, meu neno.. Atentemente despídese, a túa nai.

Nesta carta podemos ver como agarrimo dos pais polos seus fillos é incondicional ata o final das súas vidas. E é precisamente nesta última da súa etapa cando máis debemos estar ao seu carón e, cando deus nos permite o gran agasallo de poder devolverlles todo aquilo que eles fixeron por nós cando non podíamos enfrontarnos por nos mesmos á vida. Dende aquí !Feliz, día da nai! a todas aquelas que fixeron, cos seus sacrificios e cariño, que hoxe sexamos as persoa que somos.

O voto feminino en España

DAVID BARRIO SESTO

Fai uns días preguntoume unha nena de 1º de ESO canto tempo levaban as mulleres votando no noso país. Preguntoumo moi estrañada, posto que ela pensaba que iso era de sempre, ata que a profesora de historia sacouna de dúbidas, pero sen explicarlle o tema en profundidade.

Decirlle que foi Clara Campoamor a gran loitadora para esixir este dereito para o colectivo das mulleres e non Victoria Kent ou Margarita Kenlken cono din ou afirman algúns historiadores. Foi no ano 1931 cando se aprobou o dereito de voto feminino, feito que se acadou con 161 votos a

favor e 121 en contra no parlamento español. Asemesmo un mes máis tarde preséntase unha enmienda para que as mulleres só poiderán exercer este dereito nas eleccións municipais, sendo rexeitada por 131 votos en contra e 127 a favor.

Clara Campoamor non só defendeu có dereito ao voto a dignidade da muller senón que tamén presentou iniciativas parlamentarias como a do divorcio e a da supresión da penalización do adulterio. Podería contar mil historias de loita e valor na defensa da emancipación da muller por parte da nosa heroína.



Clara Campoamor

Paradoxicamente os que se opoñían a recoñecer o voto feminino eran os partidos de esquerdas, que se baseaban en que nun país onde o analfabetismo chegaba ao 40% da poboación, era o colectivo feminino quen máis o sufría. Como consecuencia consideraban que o seu voto era máis manexable de cara os sufraxios. Asemesmo pensaban que a igrexa tiña un poder moi elevado nas crenzas dos cida-

dáns (poder confesionario), e sempre sería a muller máis vulnerable, escapándose o voto á dereita.

Victoria Kent defendía esta última teoría, sen embargo Clara Campoamor deixou a un lado os intereses partidistas e defendeu o que creu xusto: a muller debía ser igual e posuír os mesmos dereitos cós homes.

A historia desta grande defensora feminista é tremendamente ampla e está chea de anécdotas pero, sobre todo, hai que destacar a súa enorme capacidade de superación, de estudo e formación académica. No mundo da avogacía, ao cal chegou xa pasados os 30 anos e obtendo o título en só dous anos, decíase que os seus compañeiros masculinos amosaban pánico cando se

subía ao estrado, pola gran contundencia e ampla fundamentación que aportaba en tódolos seus argumentos. Na súa faceta de parlamentaria tamén resultaba extraordinaria non só pola súa oratoria fluída senón porque as súas propostas ofrecían clarividencia e sólidez en todo o hemisferio.

Algún día, e con máis espazo e tempo, falaremos do seu extenso curriculum. Hoxe mediante este modesto artigo quisen dar simplemente á contestación a unha nena que, como Clara, ten inquedanzas de coñecemento e seguro que tamén de xustiza e igualdade que xa están a despertar a tan curta idade: QUE SORTE TEMOS DE TELA COMO VECIÑA.

ACTOS MAIO

- Domingo 11: Festa dos melindres. Lugar: Praza do Convento. Dende as 11:00 ata as 20:00 Actividades: Pasarrúas de Axóuxere, lectura do pregón por D. Felipe Senén, homenaxe ás melindreiras xubiladas e a Luis O *latoneiro*., degustación melindres , teatro e actuación musical de *Treixadura e Orfeón*

- 10 e 11 de maio: Campionato galego infantil de fútbol sala. Categorias: masculina e feminina,. Inauguración día 10 no polideportivo de Toques. h 16.30. 1ª e 2º xomadas, día 10, de 11 a 14 h e de 17 a 20 h. 3ª xomada, día 11, de 10 a 13:00. Trofeos e clausura do campionato: Polideportivo de Melide, día 11. H 13:30

- Martes 20 : charla da CRUGA, Asociación de vacas rubias galegas, dirixida aos gendeiros. Lugar: Cámara agraria de Toques. h. 12:00

- Sábado 24: conferencia *Recursos galegos en materia de violencia de xénero*. Lugar: Colexio vello de Toques. h.11:30

- Actuacións no PubGatos:

- Sábado 17: Con motivo do día das letras galegas actuará o grupo lucense *Holywater*

- *Sábado 24*: homenaxe ao gran Bob Dylan na que actuarán *The high lights band, tribute to Bon Dylan*

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA

De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30

A CORUÑA - MELIDE

De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00

MELIDE - FERROL

Sábados: 19.15
Domingos e Festivos: 19.15

FERROL - MELIDE

Sábados: 10.30
Domingos e festivos: 17.00

MELIDE - OURENSE

De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00

OURENSE - MELIDE

De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00

MELIDE - SANTIAGO

De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20

Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20

MELIDE - LUGO

De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50

TOQUES - MELIDE
(Folladela-Fondevila)

Luns a venres laborables:
Saída de Fondevila: 10.20
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Saída de Melide: 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Fondevila: 7.45
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

MELIDE - TOQUES
(Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS

UrxenciasSanitarias	061
Bombeiros	080
Incencios Forestais.....	..085
Policía Municipal	
Urxencias	092
Melide	981505003
Policía Nacional	091
Garda Civil	
Urxencias	062
Melide	981505007
S.O.S	
S.O.S Galicia	112
Protec.Civil.	670498848

Atención ao cidadán	981120012
Valedor do pobo	981571900
Economía facenda	981545151
Industria e Comercio	981544341
Sevizo Galego Colocación	981125000
Teléfono da Muller	900400273
Teléfono do Menor	900444222
Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Correos.	902197197
Auga	981242322
Electricidade	981147200
Gas.	900760760

MELIDE

Casa do Concello	981505003
Centro de Saúde	981506176
Servizos Sociais	981505012
Consevatorio	981507100
Polideportivo	981507752
Centro Social da 3ª Idade	981505706
Parada de Taxis	981505390
Oficina de emprego	981505204
Albergue Xuvenil	981507412
Albergue do Peregrino	660396822
Oficina AgrariaComarcal	981505410
A.S.E.T.E.M-CCA	981506188
Fundación Terra de Melide	981507244

I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	.981505929
Gardería	.981505003
U.A.F. de Melide	981 507742

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	.981510749
Xulgado de Paz	981 818501

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

TRANSPORTES

Renfe	
Nacional	902240202
A Coruña	
Santiago	
Autobuses	
A Coruña	981239099
Santiago	981542416
Aeroportos	
A Coruña.	981187200
Santiago	981547500
Vigo	986268200

SERVIZOS E INSTITUCIÓNS

Bensar S.L, taller de confección textil

Neste negocio a boa coordinación do traballo en cadea é fundamental

O que está en boga no mundo do textil hoxe son os talleres de confección, con máquinas industriais especiais, que traballan para grandes firmas como é o caso de Bensar SL. en Melide

Esta empresa autónoma desenrola unha tarefa moi laboriosa xa que o éxito do produto final depende dunha rigurosa orde no proceso en cadea de cada unha das súas operarias

No 1991 abriu as súas portas o taller de confección textil Bensar S.L. adicado a elaboración de prendas femininas para a empresa galega de Zara e, dende entón, levan dezasete anos traballando de xeito continuo para a mesma firma. Este negocio autónomo iniciou a súa andaina con tres socias, na actualidade as súas propietarias son dúas, María do Carmen Vázquez e María José Filgueira que contan na súa prantilla con doce empregadas que colaboran no proceso de confección do vestuario

-Cómo comenza o proceso de elaboración da prenda no voso taller?

- Zara envíanos a materia prima cortada en pezas, embolsadas en lotes, e nós temos que unilas a través da costura ata completar o modelo da prenda que posteriormente saíra a venda no mercado.

- **Pero si veñen en lotes, seravós moi difícil encaixar cada peza e atinar coa tallaxe?**

- Non. En primeiro lugar en cada bolsa mandan unha mostra xá feito dun modelo para saber cómo trazalo. Ademais



María do Carmen Vázquez e María José Filgueira son as propietarias do Taller de confección textil Bensar

zase xebrellando, é dicir hilando, e remallando as teas polos dous lados para que non se desfaija, despois continúa o entreteido e así progresivamente ata acabar a prenda.

- **De canta maquinaria dispoñedes no voso negocio?**

- Temos 11 planas para coser en puntada recta, tres remalladoras, unha de remate para as

venres nun horario de oito da mañá ata ás seis e media da tarde, lóxicamente facemos un parón ao mediodía de unha hora e os fins de semana descansamos. Aínda así, hai veces que decidimos coller unha ponte festiva, pero cando o facemos empregamos dúas mañás de sábado para recuperar as xornadas perdidas

- **A empresa para cal cosedes davós todo o necesario para desenrolar a vosa tarefa?**

- Ademais dos lotes de prendas en sacos eles madachen noutra bolsa os avíos como as crema-

soamante nos pagan por prendas realizadas. Si tí fas 15 pois esas, si elaboras 80 pois che abonan por esa cantidade de pezas...

- **Pero supoño, que teredes tempadas de máis traballo e outras de menos, as operadoras cobran sempre igual?**

- Sí, tódolos meses reciben o mesmo salario, que gañemos máis ou non na porcentaxe de pezas so nós afecta a nós como rexentes do negocio. Ademais a firma che existe o papel da seguridade social de cada unha delas e, de vez en

China ou Turquía non teñen que pagar aranceis nin seguridade social e ás grandes empresas lles sae máis barato. O malo é que están a deixar a moitos españois desempregados. Mesmo aquí en Melide, dende hai catro anos para acá, isto noutouse moito. Antes na vila había preto de 17 talleres de costura e agora na actualidade só estamos operando seis.

- **Voltemos ao voso traballo, de todo o proceso da prenda que o que é máis complicado?** Nós só facemos pantalóns e faldas para mulleres é o máis difícil soen ser as cinturas porque teñen que ir moi perfectas e reforzadas. Esta é única que pranchamos para que quede perfecta.

- **Por último, tantas horas pechadas nun local e có ruído das máquinas non os provocan molestias de saúde?**

- A todo te acostumas. Aínda que hai días que saes moída das costas por estar tanto tempo sentada ou con dor de cabeza por estar tanto tempo ante a máquina.

Cada operaria ten a súa máquina para levar a cabo o proceso de produción

cada peza trae consigo un etiquetaxe no que che indica cun número a súa parte correspondente para coser e en canto o tallaxe na etiqueta tamén figura a talla.

- **Unha vez que recibides a mercancía cal é o proceso de traballo que seguides?**

- Pois empezamos un traballo en cadea dende o principio de confección ata o remate do produto final no que temos que ter unha boa coordinación entre todas para que o material saía a perfección. Así cada operaria ten a súa máquina e a súa función. Primeiro comen-

trebillas, a dos botóns e dúas de olladas, unha normal e outra para ollais de sastrería, unha de cosido invisible...

- **Son moitas máquinas, cómo os organizades para distribuír ente vós o emprego de cada unha delas?**

- Cada operaria posúe a súa, a non ser algunhas que manexan á vez dúas ou tres pero o normal é que a que este traballan do coa plana permaneza en ese posto, a da reamalladora o mesmo...e así sucesivamente.

- **Debedes ter moita tarefa no taller, cando descansades?**

- Nós traballamos de luns a

Pecharon moitos talleres por mor de levar o traballo a outros países

lleiras, as composicións, os botóns ou o fio.

- **E as operarias son tamén pagadas pola firma da roupa?**

- Non. Nós somos autónomas e pagamos as nosas empregadas e encargamonos tamén de abonar o seu seguro social. As persoas ás contratamos nós como autónomas e propietarias do taller. Zara, ou Inditex,

cando, che solicitan papeis que amosen que estas ao corrente nos pagos ou en facenda. A eles só lles importa que todo este legalizado.

- **Neste sector están a pechar moitos negocios por mor de que as empresas levan os seus produtos a outros países....**

- Isto é algo preocupante pero é que en países como

Portada	P1	Cultura e lecer	P13
Editorial	P2	Deportes	P17
Melide	P3	Colaboracións	P20
Comarca	P8	Axenda	P22
Especial información	P9	Entrevista	P23
Empresa e comercio	P11	Contrportada	P24

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº37. Abril de 2008. Distribución gratuita. Tamén en internet: www.asetem.com

A súa segunda edición saldouse cun grande éxito de afluencia de público

Melide convirtise nunha auténtica romaría grazas á II festa da Hostalería

O municipio melidense transformouse, por un día, nunha xornada de encontro e verbenas a que acudiron centos de veciños da comarca. Os empresarios hosteleiros da localidade foron os artífices de que Melide se convirtira nesta data nunha gran festa. O inicio do evento escomenzou as 8 do serán cando o ritmo das gaitas do grupo toquense Moruxeira convidaban cos seus sons a que os negocios locais foran pechando as súas portas para prepararse para a celebración oficial da gran festa nunha cea que acolleu o Pazo de



Centos de persoas reuníronse na cea desta gran festa

Congresos a partires das nove e media. Alí os comensais podideron degustar polbo, carne ao caldeiro, postres e coma non todo regado con todo tipo de bebidas como

augas, viño, refrescos ou chupitos.

A comida non só sirviu para cear senón que resultou un lugar de encontro para pasar un intre de lecer entre os veci-



O Pazo de Congresos acolleu a ledicia de tódalas xeracións

ños do municipio.

As 12 da noite, o recinto atopábase ategado de xente que, aínda que non acudiu á cea, achegouse para ver a verbena amenizada polas prestixiosas orquestras Olympus e París-Noia. Nenos, mozos e maiores mesturaronse para bailar coas cancións destes grupos, moitos deles ata altas horas da madrugada.

O evento foi organizado pola asociación de hosteleiros da vila, por segundo ano consecutivo, e contou coa colaboración da Consellería de Industria. O saldo final desta xornada festiva pódese calificar como un grande éxito de afluencia de público e boa resposta dos veciños a esta iniciativa que promoveu o sector da hostalería melidense.

SE NECESITAN DISCAPACITADOS

A CORUÑA: 981 15 25 55

MELIDE: 981 50 51 56

LALÍN: 607 28 67 85

Estamos con la promoción del nuevo boleto
¡Millones de premios al instante! Busca tu suerte

PARA LA VENTA DEL "EUROBOLETO DEL DISCAPACITADO"

SI ERES DISCAPACITADO, LLAMANDOS, SI NO LO ERES APOYANDOS, CONTÁCTENOS CON NOSOTROS

El BUSCA OI D

¡Millones de premios al instante!

¡BUSCA TU SUERTE! ¡RASPANDO LA ESTRELLA!

VISITE NUESTRA WEB: www.oid.es

Organización Impulsora Discapacitados

Organización Impulsora Discapacitados

